# 1.2. Producción

A ECONOMÍA GALEGA CONTINUOU COA TENDENCIA POSITIVA DO CRECEMENTO ECONÓMICO, AO rexistrar unha medra do seu Producto Interior Bruto (PIB) a prezos de mercado do 3,0%, seis décimas máis que o incremento de 2003. Esta aceleración no ritmo de crecemento apoiouse no dinamismo dos sectores da construcción e dos servizos, así como na importante recuperación da actividade agraria e pesqueira. Pola contra, as actividades industriais e enerxéticas presentan unha ralentización no seu crecemento.

Tendo en conta que a taxa de crecemento da economía de Galicia, segundo os datos da *Contabilidad Regional* do INE (base 1995), foi tres décimas superior á rexistrada polo conxunto do Estado, o peso relativo da economía galega no total estatal pasando do 5,37% de 2003 a 5,39% en 2004. Ao longo dos últimos anos, descende a importancia relativa da economía galega, medida en termos do PIB a prezos de mercado, pasando do 5,49% en 1998 ao 5,39% do ano 2004.

A pesar desta aceleración no crecemento da actividade económica en 2004, o mercado de traballo galego presenta un incremento da ocupación inferior ao que tivera lugar ao longo do ano anterior. A ocupación media en Galicia medrou un 1,3% sobre a ocupación estimada en 2003, dous puntos porcentuais inferior á rexistrada no ano anterior. Este descenso débese tanto á forte caída da ocupación no sector primario (un 8,1% menos que en 2003) como á desaceleración no ritmo de crecemento nos sectores non primarios considerados no seu conxunto (2,7%).

Das taxas de crecemento do PIB e do emprego dedúcese que a productividade aparente do traballo foi do 1,6%. A forte caída do emprego agrario e a medra da súa actividade explican a elevada productividade aparente do sector: 10,0%. No conxunto das ramas industriais, a productividade aparente situouse no 1,5%, mentres no sector servizos foi do 0,0%. Pola contra, **cadro 1.1.6.** (*Productividade aparente do factor traballo en Galicia e España 2003-04: distribución segundo sectores*), a productividade aparente no sector da construcción presenta no último ano un valor negativo de 0,5%.

Os datos do IGE indican que o sector servizos é o que xera o maior valor engadido, o 64,2% do VEB galego, seguido pola industria, con 19,0%, e a construcción, co 11,3%. O valor engadido bruto xerado polo sector primario representa o 5,5% do VEB galego. Comparado coa media estatal, a achega do sector primario, do subsector enerxético e da construcción é superior á participación destes sectores no VEB estatal.

### Sector primario e industrias relacionadas

O VEB a prezos básico xerado en Galicia polas actividades do sector primario (sen considerar as actividades industriais) experimentou en 2004 unha medra do 2,3%, case seis puntos porcentuais máis que no ano anterior. Este dinamismo é atribuíble case totalmente ao bo comportamento das ramas pesqueiras debido ao mal comportamento que tiveron en 2003. Dentro das ramas agrarias,

CADRO 1.2.1.

*Taxas de variacións anuais do VEB (1) e do emprego en Galicia 2003-04: distribución segundo sectores económicos*

| | Galicia | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 03/02 | | 04/03 | |
| | VEB | Emprego | VEB | Emprego |
| **Primario** | -3,5 | -0,7 | 2,3 | -8,1 |
| **Industria** | 2,7 | -1,5 | 1,7 | 0,1 |
| **Enerxía** | 3,7 | | 0,7 | |
| **Industria** | 2,4 | | 2,0 | |
| **Construcción** | 3,1 | -2,0 | 3,6 | 4,3 |
| **Servizos** | 2,4 | 7,3 | 3,3 | 3,2 |
| **de mercado** | 2,1 | | 3,2 | |
| **non de mercado** | 3,5 | | 3,6 | |
| **Non primarios** | 2,6 | 3,9 | 3,0 | 2,7 |
| **Total PIB pm** | 2,4 | | 3,0 | |
| **Total emprego** | | 3,3 | | 1,3 |

(1) VEB a prezos básicos. Prezos constantes (base 2000) (revisión a xullo de 2005)
(2) Os datos do emprego corresponden aos datos da EPA do INE (metodoloxía 2005)
Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do *IGE* e *INE*

cómpre salientar os fortes crecementos das ramas forestais e a boa colleita de viño, mentres que o sector gandeiro e a producción láctea presentan crecementos case nulos.

Esta reactivación do sector primario obsérvase na evolución trimestral. Despois do descenso rexistrado ao longo dos catro trimestres do ano 2003, no primeiro trimestre do ano 2004 a producción mantense constante, para medrar de xeito continuo no resto do ano. Así, cómpre salientar que no segundo semestre do ano, o incremento das ramas agrarias é superior ao que presenta o PIB a prezos de mercado.

En termos absolutos, o VEB en termos correntes xerado polo sector (sen considerar as actividades industriais relacionadas) acadou en 2004, segundo os datos da *Contabilidad Regional* do INE, os 2.157,5 millóns de euros, o que representa o 9,8% do VEB xerado polo sector no conxunto das CC.AA. Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia é a terceira comunidade en canto ao peso relativo do sector no conxunto do Estado, por detrás de Andalucía e Castela e León, que acollen o 27,4% e 10,6% do VEB, respectivamente.

No que atinxe ao peso do VEB no conxunto da economía galega, cómpre salientar que o sector primario galego ten un peso superior ao rexistrado no conxunto do Estado, xa que representa o 5,5% do VEB a prezos básicos xerado (prezos correntes) en Galicia fronte ao 3,0% de media en España.

En 2004 continúa o proceso de reducción do **emprego** agrario. Segundo os datos da EPA (metodoloxía 2005), o número de traballadores ocupados na agricultura, gandería, caza e silvicultura e na pesca e piscicultura descendeu en 11,0 miles de persoas (un 8,1% respecto ao ano anterior), acadando as 124,6 miles de ocupados. Ao longo do ano anterior, o descenso experimentado foi de 0,9 miles de persoas, un 0,7% respecto ao ano precedente. Comparado co total estatal, Galicia acolle o 12,6% das persoas ocupadas nestas ramas de actividade, 1,1 puntos porcentuais menos que en 2003.

Se consideramos tanto as ramas primarias como as industrias relacionadas co sector –agricultura, gandería, caza e silvicultura; pesca e piscicultura; industrias de productos alimentarios, bebidas e tabacos; e industria da madeira e cortiza– os datos do IGE (metodoloxía EPA 2002), reflicten un descenso do 7,1%

CADRO 1.2.2.

### Producto Interior Bruto a prezos de mercado das CC.AA. 2004: distribución segundo ramas de actividade (1)

| | Agricultura, gand. e pesca | CA/total | Industria | CA/total | Enerxía | CA/total | Construcción | CA/total | Servizos | CA/total | VEB prezos básicos | CA/total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | *(en miles de €)* | *(%)* | *(en miles de €)* | *(%)* | *(en miles de €)* | *(%)* | *(en miles de €)* | *(%)* | *(en miles de €)* | *(%)* | *(en miles de €)* | *(%)* |
| **Andalucía** | 6.108.816 | 27,7 | 9.603.480 | 8,3 | 2.704.286 | 12,9 | 12.343.431 | 16,2 | 71.814.776 | 14,2 | 102.574.789 | 13,8 |
| **Aragón** | 933.247 | 4,2 | 4.495.881 | 3,9 | 624.484 | 3,0 | 2.035.905 | 2,7 | 14.736.337 | 2,9 | 22.825.854 | 3,1 |
| **Asturias** | 339.024 | 1,5 | 2.628.670 | 2,3 | 1.082.170 | 5,2 | 1.713.108 | 2,3 | 10.346.458 | 2,0 | 16.109.430 | 2,2 |
| **Baleares** | 253.281 | 1,1 | 869.661 | 0,8 | 385.445 | 1,8 | 1.732.572 | 2,3 | 15.070.118 | 3,0 | 18.311.077 | 2,5 |
| **Canarias** | 522.418 | 2,4 | 1.448.175 | 1,3 | 765.782 | 3,7 | 3.910.233 | 5,1 | 23.774.709 | 4,7 | 30.421.317 | 4,1 |
| **Cantabria** | 279.243 | 1,3 | 1.712.887 | 1,5 | 198.203 | 0,9 | 1.022.972 | 1,3 | 6.255.265 | 1,2 | 9.468.570 | 1,3 |
| **Castela e León** | 2.354.310 | 10,7 | 6.718.180 | 5,8 | 1.785.329 | 8,5 | 4.408.514 | 5,8 | 26.094.579 | 5,1 | 41.360.912 | 5,6 |
| **Castela-A Mancha** | 1.865.098 | 8,4 | 3.798.977 | 3,3 | 920.238 | 4,4 | 2.910.143 | 3,8 | 15.630.138 | 3,1 | 25.124.594 | 3,4 |
| **Cataluña** | 1.860.968 | 8,4 | 30.389.567 | 26,4 | 3.342.608 | 15,9 | 11.978.795 | 15,8 | 88.630.823 | 17,5 | 136.202.761 | 18,4 |
| **C. Valenciana** | 1.512.988 | 6,9 | 12.495.413 | 10,9 | 1.515.537 | 7,2 | 8.475.660 | 11,1 | 47.987.213 | 9,5 | 71.986.811 | 9,7 |
| **Estremadura** | 1.317.248 | 6,0 | 820.143 | 0,7 | 525.852 | 2,5 | 1.648.553 | 2,2 | 8.691.843 | 1,7 | 13.003.639 | 1,8 |
| **Galicia** | 2.157.470 | 9,8 | 5.697.793 | 4,9 | 1.781.341 | 8,5 | 4.469.772 | 5,9 | 25.306.581 | 5,0 | 39.412.957 | 5,3 |
| **Madrid** | - | - | 14.855.660 | 12,9 | 3.046.792 | 14,5 | 11.513.289 | 15,1 | 99.196.126 | 19,6 | 128.611.867 | 17,4 |
| **Murcia** | 1.133.260 | 5,1 | 2.635.111 | 2,3 | 549.431 | 2,6 | 2.044.471 | 2,7 | 12.014.095 | 2,4 | 18.376.368 | 2,5 |
| **Navarra** | 494.609 | 2,2 | 3.657.761 | 3,2 | 198.664 | 0,9 | 1.083.192 | 1,4 | 7.149.576 | 1,4 | 12.583.802 | 1,7 |
| **País Vasco** | 559.425 | 2,5 | 11.977.069 | 10,4 | 1.403.091 | 6,7 | 4.102.100 | 5,4 | 28.863.980 | 5,7 | 46.905.665 | 6,3 |
| **A Rioxa** | 390.777 | 1,8 | 1.300.334 | 1,1 | 110.105 | 0,5 | 503.166 | 0,7 | 3.234.809 | 0,6 | 5.539.191 | 0,7 |
| **Ceuta e Melilla** | 3.736 | 0,0 | 30.238 | 0,0 | 30.642 | 0,1 | 154.124 | 0,2 | 2.044.422 | 0,4 | 2.263.162 | 0,3 |
| **Total** | 22.085.918 | 100 | 115.135.000 | 100 | 20.970.000 | 100 | 76.050.000 | 100 | 506.841.848 | 100 | 741.082.766 | 100 |

**(1) PIB a prezos básicos (prezos correntes) calculado coa 1ª estimación para o 2004**

Fonte: *INE, Contablidad Regional de España*

***Distribución xeral da terra en Galicia e España 2004***

| | Galicia | | | | | España | G/E |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | | |
| | | | *(en Ha.)* | | | | *(%)* |
| **Total superficie cultivada** | 336.927 | 100.760 | 146.098 | 47.204 | 42.865 | 17.614.571 | 1,9 |
| Terras de labor | 285.034 | 92.602 | 141.818 | 30.190 | 20.424 | 12.390.556 | 2,3 |
| Cultivos leñosos | 33.870 | 3.159 | 3.287 | 11.606 | 15.818 | 5.064.503 | 0,7 |
| Cultivos en invernadoiro | 621 | 240 | - | 72 | 309 | 58.231 | 1,1 |
| Hortos familiares | 17.402 | 4.759 | 993 | 5.336 | 6.314 | 101.281 | 17,2 |
| **Total prados e pasteiros** | 424.223 | 113.914 | 184.615 | 66.785 | 58.909 | 7.263.653 | 5,8 |
| **Total superficie forestal arborada** | 1.159.636 | 384.515 | 366.553 | 211.333 | 197.235 | 11.440.437 | 10,1 |
| Coníferas | 279.627 | 56.210 | 127.889 | 66.980 | 28.548 | 6.142.051 | 4,6 |
| Frondosas | 470.331 | 165.527 | 166.314 | 83.667 | 54.823 | 3.608.355 | 13,0 |
| Coníferas e frondosas | 407.279 | 162.600 | 70.977 | 59.862 | 113.840 | 1.561.982 | 26,1 |
| Chopo | 2.399 | 178 | 1.373 | 824 | 24 | 128.049 | 1,9 |
| **Outras supericies** | 1.026.878 | 193.896 | 283.028 | 402.508 | 147.446 | 14.169.148 | 7,2 |
| Matorral | 733.560 | 107.309 | 224.466 | 319.352 | 82.433 | 7.365.453 | 10,0 |
| Non agrícola | 189.500 | 60.618 | 45.312 | 36.248 | 47.322 | 2.105.039 | 9,0 |
| Improductivo | 31.041 | 9.618 | 1.946 | 12.940 | 6.537 | 1.189.437 | 2,6 |
| Resto | 72.777 | 16.351 | 11.304 | 33.968 | 11.154 | 3.509.219 | 2,1 |
| **Superficie total** | 2.947.667 | 793.086 | 980.295 | 727.830 | 446.456 | 50.487.811 | 5,8 |
| **Superficie Agraria Útil** (1) | 761.150 | 214.674 | 330.713 | 113.989 | 101.774 | 24.878.224 | 3,1 |

(1) A superficie agraria útil (SAU) inclúe as terras de cultivos e os prados e pasteiros exclusivamente, mentres que en anos anteriores incluía tamén o monte aberto
Fonte: *Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Boletín Mensual de Estadística*

CADRO 1.2.3. ▲

(13,0 miles de ocupados) respecto á ocupación do ano anterior. Estas catro actividades acollen o 16,3% da ocupación total en Galicia, case punto porcentual e medio menos que en 2003. Ao contrario do sucedido en 2003, o devandito descenso da ocupación agraria débese á caída experimentada nas actividades de agricultura, gandería, caza e silvicultura e da industria de productos alimenticios que supera o incremento estimado na ocupacións pesqueiras e da industria de madeira e cortiza.

A ocupación nas actividades agrarias acollen o 53,8% das persoas ocupadas en 2004 nas actividades do sector primario e industrias relacionadas, fronte ao 20,7% da industria de productos alimenticios, o 15,4% da pesca e piscicultura e o 10,1% da industria de madeira e cortiza.

No que atinxe á **distribución xeral da terra**, o **cadro 1.2.3.** reflicte a súa desigual distribución en Galicia e no conxunto do Estado. Dunha banda, a superficie agraria útil (SAU) representa en Galicia o 25,8% da superficie xeográfica (2.947,7 miles de hectáreas), sendo a media estatal do 49,3%. Esta diferencia ven explicada polo feito de que a importancia relativa da superficie cultivada é do 11,4% en Galicia mentres que en España, esta ascende ata o 34,9%. Doutra banda, a superficie forestal arborada en Galicia representa o 39,3% da superficie total galega e o matorral un 24,9%, ascendendo estas porcentaxes ao 22,7% e 14,6%, respectivamente, no conxunto do Estado.

As provincias de A Coruña e Pontevedra son as que presentan os maiores pesos relativos da sueprficie forestal arborada na súa sueprficie total, cun 48,5% da superficie xeográfica en A Coruña e un 44,2%, en Pontevedra. Un tercio da superficie luguesa corresponde á superficie agraria útil (14,9% a superficie cultivada e 18,8% a prados e pasteiros) e un 43,9% da superficie de Ourense a matorral.

### • Subsector agrogandeiro

As **macromagnitudes agrarias**, que reflicten o movemento económico xerado ao redor do sector agrario nun exercicio, indican que a renda agraria –calcu-

***Macromagnitudes agrarias 2002: renda agraria*** (1)

| | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | *(en millóns de €)* | | |
| **A - Conta de producción** | | | | | |
| **Producción da rama agraria** | 2.048,2 | 646,5 | 626,4 | 299,0 | 476,3 |
| **Consumos intermedios** | 801,4 | 287,2 | 286,5 | 88,4 | 139,2 |
| **Valor Engadido Bruto a prezos básicos** | 1.246,9 | 359,3 | 339,9 | 210,6 | 337,1 |
| **Consumo de capital fixo** | 285,5 | 91,8 | 105,3 | 45,0 | 43,4 |
| **Bens de equipamento** | 254,6 | 83,6 | 98,3 | 36,0 | 36,8 |
| **Construccións** | 30,9 | 8,2 | 7,0 | 9,1 | 6,7 |
| **Valor Engadido Neto a prezos básicos** | 961,3 | 267,5 | 234,6 | 165,6 | 293,7 |
| **B - Conta de explotación** | | | | | |
| **Outros impostos sobre a producción** | 3,5 | 1,3 | 1,6 | 0,4 | 0,3 |
| **Outras subvencións á producción** | 92,0 | 27,7 | 35,3 | 11,3 | 17,8 |
| **Renda agraria** | 1.049,8 | 293,9 | 268,4 | 176,4 | 311,1 |

**(1) As maromagnitudes agrarias reflicten o movemento económico xerado ó redor do sector agrario nun exercicio. Para o seu cálculo no ano 2001 adoptouse a metodoloxía establecida pola axencia Eurostat coma consecuencia da aplicación do regulamento (CE) 222**

Fonte: *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de Estatística Agraria 2003*

***Macromagnitudes agrarias 2002: consumos intermedios***

| | 2003 | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia |
| | | | *( en miles de €)* | | |
| **Sementes selectas e pés** | 4.990,3 | 13.676,9 | 2.633,5 | 7.859,8 | 29.160,4 |
| **Pensos para o gando** | 165.683,0 | 160.121,0 | 40.029,7 | 68.501,7 | 434.335,4 |
| **Fertilizantes** | 11.981,1 | 7.915,6 | 2.122,6 | 14.272,4 | 36.291,6 |
| **Emendas** | 1.395,7 | 888,0 | - | - | 2.283,7 |
| **Enerxía** | 35.295,8 | 34.379,5 | 10.941,4 | 13.534,2 | 94.150,9 |
| **Lubricantes** | 3.310,0 | 2.800,0 | 260,0 | 320,0 | 6.690,0 |
| **Pneumáticos** | 8.630,0 | 8.350,0 | 3.370,0 | 4.350,0 | 24.700,0 |
| **Productos fitosanitarios** | 4.029,1 | 1.184,7 | 1.800,0 | 1.761,1 | 8.774,9 |
| **Tratamentos zoosanitarios** | 17.721,0 | 20.163,7 | 7.278,1 | 5.146,5 | 50.309,3 |
| **Reparación de maquinaria** | 20.417,2 | 24.119,2 | 8.152,4 | 8.793,9 | 61.482,7 |
| **Reparación de construccións** | 8.518,1 | 7.336,4 | 10.449,6 | 7.399,7 | 33.703,8 |
| **Outros gastos** | 5.420,0 | 5.580,0 | 1.350,0 | 7.310,0 | 19.660,0 |
| **Total** | 287.391,2 | 286.514,8 | 88.387,3 | 139.249,4 | 801.542,7 |

Fonte: *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de estatística agraria 2003*

lada como suma do valor engadido neto a prezos básicos e "outras subvencións á producción" menos "outros impostos sobre a producción"– acadou en 2002 (ultimo dato dispoñible) os 1.049,8 millóns de euros. O **cadro 1.2.4.** reflicte que o 29,6% da renda agraria (311,1 millóns de euros) xerouse en Pontevedra, situándose esta porcentaxe no 28,0% (293,9 millóns de euros) en A Coruña e en 25,6% e 16,8%, respectivamente, en Lugo e Ourense (268,4 e 176,4 millóns de euros, respectivamente).

CADRO 1.2.4.

CADRO 1.2.5.

O valor da producción das ramas agrarias ascendeu a 2.048,2 millóns de euros, dos que o 61,0% corresponde o subsector gandeiro, fronte ao 34,7% do subsector agrícola e o 4,3% aos servizos e actividades secundarias non agrarias (entre outras, a transformación do leite nas propias explotacións ou os beneficios de actividades coma a caza).

O valor engadido bruto a prezos básicos acadou os 1.246,9 millóns de euros e o consumo de capital fixo os 285,5 millóns, polo que o valor engadido neto a prezos básicos ascendeu a 961,3 millóns de euros, dos que o 30,5% xerouse na provincia de Pontevedra, e un 27,8% en A Coruña.

No que atinxe aos **consumos intermedios**, que inclúen todos os gastos xera-

CADRO 1.2.6.

***Macromagnitudes do subsector agrícola 2002***

| Cultivos | Valor a prezos do productor | Subvención | Valor a prezos básicos |
|---|---|---|---|
| | | *(en miles de €)* | |
| **Cereais** | 44.485,7 | 10.859,0 | 55.344,7 |
| **Leguminosas** | 5.082,1 | - | 5.082,1 |
| **Pallas** | 3.350,3 | - | 3.350,3 |
| **Tubérculos consumo humano** | 86.637,1 | - | 86.637,1 |
| **Cultivos forraxeiros** | 4.891,3 | 9.002,0 | 13.893,3 |
| **Pastos accidentais e praderías naturais** | 87.790,1 | - | 87.790,1 |
| **Hortalizas** | 120.532,6 | - | 120.532,6 |
| **Cítricos** | 1.472,7 | - | 1.472,7 |
| **Froitas non cítricas** | 85.183,2 | - | 85.183,2 |
| **Uvas** | 122.317,5 | - | 122.317,5 |
| **Viño e subproductos** | 73.882,9 | - | 73.882,9 |
| **Flores e plantas ornamentais** | 53.591,5 | - | 53.591,5 |
| **Sementes selectas e pes agrícolas** | 1.046,7 | - | 1.046,7 |
| **Total** | 690.263,6 | 19.861,0 | 710.124,6 |

Fonte: *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de Estatística Agraria 2003*

CADRO 1.2.7.

***Número de explotacións e superficie agrícola utilizada (SAU) nas CC.AA. 1999 e 2003.***

| | 1999 | | | 2003 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Explotaciones | SAU | SAU media por explotación | Explotaciones | SAU | SAU media por explotación |
| | | *(en ha)* | | | *(en ha)* | |
| **Andalucía** | 364.911 | 4.974.175 | 13,6 | 270.541 | 4.671.718 | 17,3 |
| **Aragón** | 78.244 | 2.462.701 | 31,5 | 55.238 | 2.355.066 | 42,6 |
| **Asturias** | 42.824 | 473.109 | 11,0 | 32.506 | 397.717 | 12,2 |
| **Baleares** | 19.690 | 222.118 | 11,3 | 13.903 | 208.209 | 15,0 |
| **Canarias** | 36.132 | 77.527 | 2,1 | 16.341 | 62.244 | 3,8 |
| **Cantabria** | 18.153 | 276.390 | 15,2 | 12.927 | 291.532 | 22,6 |
| **Castela e León** | 169.562 | 5.783.831 | 34,1 | 105.962 | 5.424.599 | 51,2 |
| **Castela-A Mancha** | 194.842 | 4.581.592 | 23,5 | 141.652 | 4.494.000 | 31,7 |
| **Cataluña** | 76.580 | 1.156.828 | 15,1 | 60.436 | 1.148.501 | 19,0 |
| **C. Valenciana** | 226.701 | 746.673 | 3,3 | 152.797 | 701.473 | 4,6 |
| **Estremadura** | 108.246 | 2.931.680 | 27,1 | 73.203 | 2.868.019 | 39,2 |
| **Galicia** | 268.995 | 696.691 | 2,6 | 102.109 | 724.624 | 7,1 |
| **Madrid** | 16.367 | 375.372 | 22,9 | 10.678 | 343.653 | 32,2 |
| **Murcia** | 59.402 | 457.032 | 7,7 | 38.341 | 413.344 | 10,8 |
| **Navarra** | 25.040 | 601.442 | 24,0 | 19.058 | 586.456 | 30,8 |
| **País Vasco** | 39.634 | 259.320 | 6,5 | 22.334 | 241.121 | 10,8 |
| **A Rioxa** | 19.085 | 240.231 | 12,6 | 12.700 | 242.960 | 19,1 |
| **Total** | 1.764.456 | 26.316.787 | 14,9 | 1.140.733 | 25.175.260 | 22,1 |

Fonte: *INE, Censo 1999 e Encuesta sobre la estructura de las explotaciones agrícolas 2003*

dos no proceso de producción dos distintos subsectores (os efectuados fóra do sector agrario e máis aqueles procedentes da valoración dunha boa parte doas reempregos utilizados nas propias explotacións agrarias), estes acadaron no ano 2002 (último dato dispoñible) un valor de 801,5 millóns de euros. Ao igual que no ano anterior, **cadro 1.2.5.**, os gastos máis importantes corresponden a pensos para o gando (actividade directamente relacionada coa gandería industrial), con 434,3 millóns de euros, e as de enerxía, con 94,2 millóns de euros. En conxunto, estes dous aspectos representan o 65,9% do total dos consumos intermedios.

Galicia consumiu en 2004 un total de 69,3 miles de toneladas de elementos fertilizantes, un 4,1% menos que no ano anterior, sendo a novena comunidade canto ao consumo dos mesmos. Comparado co total estatal, Galicia consumiu o 3,2% do total consumido en España fronte ao 3,1% do ano anterior.

A diferencia do acontecido no conxunto do Estado, Galicia rexistra unha medra do número de **inscricións de maquinaria agrícola nova**, producíndose a

CADRO 1.2.8.

**Productos galegos con indicativo de calidade 2004**

| | Denominación de Orixe de Viños | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Ribeiro | Valdeorras | Rías Baixas | Monterrei | Ribeira Sacra |
| Viticultores | 5.930 | 2.006 | 5.975 | 555 | 2.999 |
| Adegas | 99 | 42 | 186 | 14 | 99 |
| Superficie inscrita *(Ha)* | 2.627,0 | 1.341 | 2.825 | 680 | 1.265 |
| Produción *(Hectolitros)* | 135.989 | 32.585 | 106.807 | 4.052 | 18.296 |

| Denominación Específica Orujo de Galicia | Galicia |
|---|---|
| Productores | 103 |
| Destiladores | 34 |
| Locais nvellecemento | 14 |
| Embotelladores | 39 |
| Produción *(litros)* | 256.775 |

| Denominación Específica Pataca de Galicia | Galicia |
|---|---|
| Productores | 700 |
| Envasadores | 10 |
| Patata certificada *(Kg)* | 4.710.000 |

| Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega | Galicia |
|---|---|
| Productores activos | 5.916 |
| Cebadoiros | 496 |
| Matadoiros | 44 |
| Sás de despezamento | 26 |
| Canais certificadas | 67.143 |
| Produción *(en tm)* | 14.540 |

| Indicación Xeográfica Protexida Lacón Gallego | Galicia |
|---|---|
| Explotacións reprodución leitóns | 6 |
| Explotacións de cebo | 51 |
| Matadoiros | 7 |
| Sás de despezamento | 11 |
| Industrias cárnicas | 14 |
| Leitóns controlados | 5.963 |
| Porcos sacrificados | 5.953 |
| Lacóns certificados | 5.148 |
| Produción *(en kg)* | 18.266 |

| | Queixo: Denominacións de orixe | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Queixo Tetilla | Arzúa - Ulloa | San Simón da Costa | Queixo do Cebreiro |
| Productores | 1.458 | 600 | 41 | 5 |
| Queixerías | 34 | 21 | 7 | 2 |
| Produción *(Kg)* | 2.520.000 | 2.353.226 | 217.000 | 25.000 |

| Denominación Específica Mel de Galicia | Galicia |
|---|---|
| Apicultores | 330 |
| Envasadores | 40 |
| Mel certificada *(Kg)* | 241.000 |

| Agricultura ecolóxica | |
|---|---|
| Productores | 396 |
| Superficie inscrita *(en Ha.)* | 6.725 |
| Industrias | 47 |

Fonte: *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural*

mesma tanto no caso dos tractores como dos motocultores. O número de tractores incrementouse un 7,5% no último ano, acadando os 1.418 tractores (1.319 no ano precedente), en tanto que no caso dos motocultores, pásase dos 506 de 2003 aos 544 do ano considerado (7,5% máis).

No que atinxe á **actividade agrícola**, o valor total da producción a prezos básicos acadou os 710,1 millóns de euros en 2002 (último dato dispoñible), dos que 690,3 millóns de euros corresponden ao valor a prezos do productor e 19,9 millóns de euros, ás subvencións. O **cadro 1.2.6.** indica que as uvas presentan o valor a prezos básicos máis elevado, con 122,3 millóns de euros (o 17,2% do valor total do subsector agrícola), seguido polas hortalizas, con 120,5 millóns de euros (17,0%), e os pastos accidentais e prados naturais e tubérculos consumo

**Macromagnitudes do subsector gandeiro 2002**

| | Valor a prezos do productor | Subvención | Valor a prezos básicos |
|---|---|---|---|
| | | *(en miles de €)* | |
| **Vacún: carne e gando** | 241.500,3 | 52.284,0 | 293.784,3 |
| **Ovino: carne e gando** | 4.053,9 | 3.948,0 | 8.001,9 |
| **Cabrún: carne e gando** | 1.580,8 | - | 1.580,8 |
| **Porcino: carne e gando** | 173.591,7 | - | 173.591,7 |
| **Aves: carne e gando** | 104.038,3 | - | 104.038,3 |
| **Coellos: carne e gando** | 17.564,0 | - | 17.564,0 |
| **Equino: carne e gando** | 1.270,5 | - | 1.270,5 |
| **Leite** | 587.939,6 | - | 587.939,6 |
| **Ovos** | 55.695,3 | - | 55.695,3 |
| **La** | 40,1 | - | 40,1 |
| **Esterco** | - | - | - |
| **Traballo animal** | - | - | - |
| **Varios** | 5.954,0 | - | 5.954,0 |
| **Total** | 1.193.228,4 | 56.232,0 | 1.249.460,4 |

Fonte: *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de Estatística Agraria 2003*

CADRO 1.2.9.

humano, con 87,8 millóns (12,4%) e 86,6 millóns de euros (12,2%), respectivamente.

Dende o ano 1999 desapareceron en Galicia un total de 166.886 explotacións, acadando en 2003 (último dato dispoñible) un total de 102.109 explotacións. Tralo aumento da superficie agrícola útil en Galicia (a nosa comunidade é a única que rexistra unha medra desta superficie), a SAU media por explotación sitúase en 7,1 hectáreas. Atendendo ao tamaño medio por explotación, Galicia é unha das comunidades co menor tamaño medio, tan só por diante de Canarias, con 3,8 hectáreas de media, e da Comunidade Valenciana, con 4,6 hectáreas.

A análise da producción no subsector agrícola cómpre finalizala facendo referencia aos productos galegos con indicativo de calidade. No caso concreto da agricultura, o **cadro 1.2.8.** reflicte os principais datos da producción dos tres productos agrícolas con distintivo de calidade: viño, augardente e pataca.

O valor a prezos básicos do subsector gandeiro foi de 1.249,5 millóns de euros, dos que 649,6 corresponde ás produccións animais e 599,8 millóns ós productos de carne e gando. O valor a prezos do productor ascendeu a 1.193,2 millóns de euros e 56,2 millóns, ás subvencións, destinadas todas elas aos grupos de productos de carne e gando de vacún e ovino.

Entre os distintos subsectores gandeiros cómpre salienta-la importancia do subsector lácteo en Galicia, xa que o valor da súa producción a prezos de productor ascendeu a 587,9 millóns de euros (o 49,3% do valor total do subsector gandeiro).

O **cadro 1.2.10.** reflicte o número de cabezas das principais especies gandeiras en 2003 (último dato dispoñible). Segundo estes datos cómpre salientar a importancia do gando bovino en Galicia, que co 16,9% do total de reses en España, é a segunda comunidade con maior número de reses, tras Castela e León (acolle o 20,1%).

A **producción de leite** de vaca nas explotacións galegas ascendeu en 2003 (último dato dispoñible) a 2.080,2 miles de toneladas, 36,4 miles de toneladas máis que no ano anterior. Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia é a que presenta o maior volume de producción, ao acoller o 31,4% da producción española de leite.

CADRO 1.2.10.

### *Principais especies gandeiras nas CC.AA. 2003*

| | Bovinos | Ovinos | Porcinos | Aves |
|---|---|---|---|---|
| | | | | *(en miles)* |
| **Andalucía** | 562.493 | 2.585.988 | 1.828.930 | 22.639 |
| **Aragón** | 354.519 | 2.529.872 | 3.500.860 | 18.310 |
| **Asturias** | 427.782 | 40.779 | 34.381 | 606 |
| **Baleares** | 37.343 | 293.993 | 68.612 | 718 |
| **Canarias** | 17.985 | 56.665 | 60.958 | 2.698 |
| **Cantabria** | 298.521 | 57.914 | 21.230 | 316 |
| **Castela e León** | 1.198.925 | 4.448.934 | 2.767.755 | 17.928 |
| **Castela-A Mancha** | 301.455 | 2.980.350 | 1.364.269 | 22.924 |
| **Cataluña** | 595.968 | 710.710 | 6.173.188 | 42.640 |
| **C. Valenciana** | 48.491 | 407.714 | 1.085.688 | 15.046 |
| **Estremadura** | 643.405 | 3.725.466 | 1.208.219 | 2.814 |
| **Galicia** | 1.008.934 | 256.874 | 1.124.986 | 20.716 |
| **Madrid** | 94.595 | 132.891 | 27.087 | 2.417 |
| **Murcia** | 56.510 | 539.197 | 1.222.777 | 2.590 |
| **Navarra** | 118.555 | 724.105 | 550.315 | 3.043 |
| **País Vasco** | 162.472 | 299.150 | 43.738 | 1.916 |
| **A Rioxa** | 45.235 | 179.670 | 127.720 | 2.275 |
| **Total** | 5.973.213 | 19.970.438 | 21.210.712 | 179.598 |

**(1) Segundo o seu número de cabezas**

Fonte: *INE, Encuesta sobre la estructura de las explotaciones agrícolas 2003*

CADRO 1.2.11.

### *Produción de leite de vaca en explotacións nas CC.AA. 2002-03*

| | 2002 | 2003 | 03/02 | |
|---|---|---|---|---|
| | *(en miles de Tm.)* | | *(%)* | *(en miles Tm.)* |
| **Andalucía** | 547,4 | 556,7 | 1,7 | 9,3 |
| **Aragón** | 93,7 | 92,5 | -1,3 | -1,2 |
| **Asturias** | 719,4 | 717,1 | -0,3 | -2,3 |
| **Baleares** | 86,2 | 85,4 | -0,9 | -0,8 |
| **Canarias** | 51,4 | 53,9 | 4,9 | 2,5 |
| **Cantabria** | 557,3 | 557,9 | 0,1 | 0,6 |
| **Castela e León** | 1.033,5 | 1.008,8 | -2,4 | -24,7 |
| **Castela-A Mancha** | 154,8 | 158,8 | 2,6 | 4,0 |
| **Cataluña** | 628,8 | 627,4 | -0,2 | -1,4 |
| **C. Valenciana** | 52,7 | 51,9 | -1,5 | -0,8 |
| **Estremadura** | 45,5 | 45,6 | 0,2 | 0,1 |
| **Galicia** | 2.043,8 | 2.080,2 | 1,8 | 36,4 |
| **Madrid** | 99,4 | 99,4 | 0,0 | 0,0 |
| **Murcia** | 30,9 | 30,9 | 0,0 | 0,0 |
| **Navarra** | 182,5 | 183,3 | 0,4 | 0,8 |
| **País Vasco** | 261,5 | 261,3 | -0,1 | -0,2 |
| **A Rioxa** | 21,7 | 20,8 | -4,1 | -0,9 |
| **Total** | 6.610,5 | 6.631,9 | 0,3 | 21,4 |

Fonte: *Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación*

CADRO 1.2.12.

### *Cota leiteira e expedientes aceptados de transferencias, cesións e abandonos de cota nas CC.AA. na campaña 2003-04*

| | Cota leiteira | | Transferencias | | Cesións | | Abandonos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Nº | toneladas | Nº | toneladas | Nº | toneladas | Nº | toneladas |
| **Andalucía** | 1.320 | 464.376 | 433 | 45.399 | 98 | 5.882 | 1 | 26 |
| **Aragón** | 180 | 88.708 | 151 | 8.452 | 2 | 415 | - | - |
| **Asturias** | 5.544 | 667.151 | 872 | 52.980 | 331 | 8.210 | 196 | 7.213 |
| **Baleares** | 342 | 96.401 | 44 | 6.816 | 105 | 4.822 | 5 | 358 |
| **Cantabria** | 3.511 | 519.313 | 602 | 38.346 | 386 | 10.021 | 34 | 1.037 |
| **Castela-A Mancha** | 538 | 195.267 | 158 | 13.714 | 76 | 5.337 | - | - |
| **Castela e León** | 4.484 | 838.125 | 1.028 | 83.218 | 355 | 11.250 | 43 | 1.417 |
| **Cataluña** | 1.419 | 616.138 | 328 | 50.284 | 115 | 4.539 | - | - |
| **C. Valenciana** | 56 | 45.911 | 16 | 3.502 | 7 | 787 | - | - |
| **Estremadura** | 299 | 40.688 | 50 | 3.444 | 14 | 500 | 9 | 282 |
| **Galicia** | 21.953 | 1.951.467 | 4.373 | 163.157 | 246 | 5.287 | 10 | 283 |
| **Madrid** | 157 | 84.321 | 35 | 5.488 | 58 | 2.434 | - | - |
| **Murcia** | 46 | 31.331 | 13 | 2.577 | - | - | - | - |
| **Navarra** | 432 | 178.995 | 119 | 14.181 | 7 | 368 | 6 | 165 |
| **País Vasco** | 1.292 | 251.106 | 344 | 32.531 | 92 | 3.875 | 152 | 8.978 |
| **A Rioxa** | 39 | 17.390 | 13 | 1.593 | - | - | - | - |
| **Total** | 41.612 | 6.086.686 | 8.579 | 525.682 | 1.892 | 63.727 | 456 | 19.759 |
| **Galicia / España** | 52,8 | 32,1 | 51,0 | 31,0 | 13,0 | 8,3 | 2,2 | 1,4 |

Fonte: *Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación*

*Número de reses sacrificadas e producción de carne 2002-03*

**Número de reses**

| | 2002 | 2003 | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
| **Total** | 77.606.096 | 81.322.488 | 5.268.589 | 12.596.070 | 34.099.063 | 29.358.766 |
| **Bovino** | 443.341 | 460.384 | 149.805 | 76.509 | 101.740 | 132.330 |
| **Ovino** | 66.483 | 82.567 | 29.191 | 5.617 | 35.552 | 12.207 |
| **Cabrún** | 23.155 | 15.028 | 192 | 782 | 13.924 | 130 |
| **Porcino** | 1.298.393 | 1.335.724 | 345.638 | 30.100 | 20.117 | 939.869 |
| **Equino** | 1.468 | 645 | 143 | 492 | - | 10 |
| **Aves** | 71.085.000 | 74.616.100 | 3.477.870 | 12.482.570 | 33.927.730 | 24.727.930 |
| **Coellos** | 4.688.256 | 4.812.040 | 1.265.750 | - | - | 3.546.290 |

**Producción de carne**

*(en Tm)*

| | 2002 | 2003 | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
| **Total** | 354.982 | 371.006 | 69.468 | 44.361 | 98.690 | 158.487 |
| **Bovino** | 90.581 | 97.488 | 33.768 | 16.988 | 20.788 | 25.944 |
| **Ovino** | 549 | 736 | 295 | 49 | 296 | 96 |
| **Cabrún** | 151 | 99 | 2 | 6 | 90 | 1 |
| **Porcino** | 105.258 | 109.015 | 27.479 | 2.803 | 1.456 | 77.277 |
| **Equino** | 167 | 83 | 18 | 64 | - | 1 |
| **Aves** | 152.476 | 157.676 | 6.387 | 24.451 | 76.060 | 50.778 |
| **Coellos** | 5.800 | 5.909 | 1.519 | - | - | 4.390 |

Fonte: *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de estatística agraria 2003*

CADRO 1.2.13. ▲

A cota leiteira dispoñible na comunidade autónoma de Galicia na campaña 2003/04, **cadro 1.2.12.**, foi de 1.951,5 miles de toneladas, o que representa case un tercio da cota leiteira total de España, estando en Galicia aproximadamente o 53% das explotacións con dereito a cota. O volume total de cota por explotación ascendeu nesa campaña a 88.892,9 quilogramos fronte ás 146.272,4 quilogramos no conxunto do Estado.

No que atinxe á **producción de carne** segundo especies en 2003, o **cadro 1.2.13.** reflicte o incremento do número de cabezas sacrificadas e da producción de carne, que acada nese ano un total de 81.322,5 miles de cabezas (un 4,8% máis que en 2002) e 371.006 toneladas de carne (4,5% máis).

• **Subsector mar-industria**

Tras a caída da **producción** pesqueira e marisqueira e o seu **valor** en primeira venda rexistrada en 2003, entre os anos 2003 e 2004, ambas as dúas medraron un 21,3% (26.581,1 miles de kg máis) e un 16,3% (54,6 millóns de euros), respectivamente. En termos absolutos, a producción acadou os 151.246,8 miles de quilogramos e o seu valor en primeira venda os 389,6 millóns de euros. O grupo de especies máis importante son os "peixes", que representan o 85,8% da producción e o 67,7% do valor total en primeira venda (**cadro 1.2.14.**).

As nove zonas de producción presentan no último ano unha medra do valor total en primeira venda, mentres que no caso da producción, esta descende na Costa da Morte (4,0%) e en Cedeira (2,0%).

A lonxa do porto de Vigo rexistra unha producción de 28.985,6 toneladas (un 9,7% máis que no ano anterior) e uns ingresos xerados pola súa primeira venda de 77.860,2 miles de euros (un 4,9% máis que en 2003). En termos da producción galega e do valor total da mesma, o porto de Vigo acolle o 19,2% da

CADRO 1.2.14.

### *Actividade pesqueira e marisqueira en Galicia 2003-04: distribución segundo provincia e grandes grupos de especies*

| | Produción | | | Valor | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2003 | 2004 | 04/03 | 2003 | 2004 | 04/03 |
| | *(en Tm.)* | | *(%)* | *(en miles de €)* | | *(%)* |
| **Galicia** | 124.665,7 | 151.246,8 | 21,3 | 334.918,5 | 389.551,3 | 16,3 |
| **Algas** | - | 58,5 | - | - | 33,6 | - |
| **Bivalvos** | 8.271,6 | 9.589,9 | 15,9 | 59.123,1 | 66.492,8 | 12,5 |
| **Cefalópodos** | 7.170,2 | 8.981,3 | 25,3 | 22.567,9 | 26.488,9 | 17,4 |
| **Crustáceos** | 1.411,3 | 1.997,5 | 41,5 | 23.623,2 | 31.213,5 | 32,1 |
| **Equinodermos** | 300,8 | 758,0 | 152,0 | 495,4 | 1.242,0 | 150,7 |
| **Gasterópodos** | 8,3 | 6,2 | -24,7 | 12,6 | 12,9 | 2,6 |
| **Invertebrados** | 0,0 | 0,1 | 85,7 | 0,9 | 6,1 | 601,2 |
| **Peixes** | 107.422,3 | 129.758,9 | 20,8 | 228.697,0 | 263.611,1 | 15,3 |
| **Outros** | 81,3 | 96,5 | 18,7 | 398,5 | 450,3 | 13,0 |
| **A Coruña** | 53.680,1 | 73.315,5 | 36,6 | 122.548,3 | 156.880,7 | 28,0 |
| **Bivalvos** | 3.604,1 | 4.907,7 | 36,2 | 24.305,3 | 32.121,7 | 32,2 |
| **Cefalópodos** | 2.208,9 | 3.100,3 | 40,4 | 8.680,2 | 11.257,8 | 29,7 |
| **Crustáceos** | 892,5 | 1.344,3 | 50,6 | 13.733,2 | 18.691,8 | 36,1 |
| **Equinodermos** | 196,8 | 479,6 | 143,7 | 317,6 | 769,9 | 142,4 |
| **Gasterópodos** | 1,0 | 0,6 | -35,0 | 1,7 | 1,6 | -4,6 |
| **Invertebrados** | 0,0 | 0,1 | 78,6 | 0,9 | 6,0 | 588,7 |
| **Peixes** | 46.764,7 | 63.452,6 | 35,7 | 75.439,3 | 93.884,6 | 24,5 |
| **Outros** | 12,1 | 30,3 | 150,6 | 70,3 | 147,4 | 109,6 |
| **Lugo** | 30.794,8 | 33.544,4 | 8,9 | 72.939,8 | 83.649,1 | 14,7 |
| **Bivalvos** | 11,2 | 5,1 | -54,5 | 140,8 | 79,7 | -43,3 |
| **Cefalópodos** | 636,2 | 874,6 | 37,5 | 2.465,0 | 2.501,5 | 1,5 |
| **Crustáceos** | 87,0 | 93,8 | 7,9 | 1.340,2 | 1.216,2 | -9,2 |
| **Equinodermos** | 17,7 | 20,7 | 16,7 | 42,8 | 40,6 | -5,2 |
| **Gasterópodos** | 1,1 | 0,8 | -24,9 | 2,2 | 1,9 | -16,3 |
| **Peixes** | 29.979,6 | 32.486,0 | 8,4 | 68.650,8 | 79.521,4 | 15,8 |
| **Resto das descargas** | 61,9 | 63,4 | 2,4 | 297,9 | 287,8 | -3,4 |
| **Pontevedra** | 40.190,9 | 44.386,9 | 10,4 | 139.430,4 | 149.021,5 | 6,9 |
| **Algas** | - | 58,5 | -98,7 | - | 33,6 | - |
| **Bivalvos** | 4.656,3 | 4.677,2 | 8,1 | 34.677,0 | 34.291,4 | -1,1 |
| **Cefalópodos** | 4.325,1 | 5.006,4 | 1.059,4 | 11.422,7 | 12.729,5 | 11,4 |
| **Crustáceos** | 431,8 | 559,4 | 548,4 | 8.549,9 | 11.305,5 | 32,2 |
| **Equinodermos** | 86,3 | 257,7 | 198,8 | 135,0 | 431,5 | 219,8 |
| **Gasterópodos** | 6,2 | 4,8 | -23,0 | 8,7 | 9,5 | 9,2 |
| **Invertebrados** | - | 0,0 | - | - | 0,1 | - |
| **Peixes** | 30.678,0 | 33.820,3 | 10,2 | 84.606,9 | 90.205,2 | 6,6 |
| **Resto das descargas** | 7,3 | 2,7 | -62,8 | 30,2 | 15,2 | -49,9 |

Fonte: *Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, Anuario pesca fresca de Galicia*

CADRO 1.2.15.

### *Actividade pesqueira e marisqueira nas lonxas máis importantes 2003-04: días de descarga, produción e ingresos xerados pola súa primeria venda nas lonxas máis importantes*

| | Días de descargas | | | Produción | | | Valor | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2003 | 2004 | 04/03 | 2003 | 2004 | 04/03 | 2003 | 2004 | 04/03 |
| | | | | *(en Tm.)* | | *(%)* | *(en miles de €)* | | *(%)* |
| **Porto de Vigo** | 250 | 250 | - | 26.418,5 | 28.985,6 | 9,7 | 74.228,6 | 77.860,2 | 4,9 |
| **Ribeira** | 256 | 260 | 4 | 17.833,4 | 26.055,9 | 46,1 | 24.671,1 | 28.992,9 | 17,5 |
| **Celeiro** | 253 | 253 | - | 17.000,2 | 18.255,1 | 7,4 | 38.430,0 | 45.131,0 | 17,4 |
| **Burela** | 251 | 251 | - | 13.608,9 | 15.122,8 | 11,1 | 33.041,2 | 37.336,3 | 13,0 |
| **Subhastadores Coruña** | 283 | 295 | 12 | 5.918,4 | 9.804,9 | 65,7 | 11.955,4 | 22.505,7 | 88,2 |
| **ARPEGA** | 205 | 215 | 10 | 5.246,9 | 5.395,7 | 2,8 | 20.873,7 | 21.283,5 | 2,0 |
| **Portosín** | 129 | 185 | 56 | 4.228,4 | 5.045,1 | 19,3 | 2.333,9 | 3.562,2 | 52,6 |
| **O.P.P. 13 - Coruña** | 177 | 167 | - 10 | 4.408,9 | 4.319,7 | -2,0 | 15.767,2 | 15.308,5 | -2,9 |
| **San Miguel Marín** | 278 | 293 | 15 | 2.908,9 | 3.807,7 | 30,9 | 7.381,3 | 9.612,2 | 30,2 |
| **Sada** | 144 | 202 | 58 | 3.256,7 | 3.668,2 | 12,6 | 1.882,0 | 2.046,4 | 8,7 |
| **Muros** | 218 | 256 | 38 | 1.059,2 | 3.325,2 | 213,9 | 2.819,1 | 5.025,4 | 78,3 |
| **Camariñas** | 136 | 257 | 121 | 2.402,9 | 3.021,8 | 25,8 | 2.340,0 | 3.508,9 | 50,0 |
| **Malpica** | 126 | 254 | 128 | 2.115,9 | 2.816,8 | 33,1 | 2.213,0 | 4.417,7 | 99,6 |
| **Noia** | 105 | 147 | 42 | 1.262,3 | 2.124,6 | 68,3 | 8.603,9 | 13.947,4 | 62,1 |
| **Portonovo** | 193 | 249 | 56 | 2.078,5 | 1.847,0 | -11,1 | 2.195,4 | 2.580,2 | 17,5 |
| **Cariño** | 246 | 240 | - 6 | 1.585,6 | 1.687,5 | 6,4 | 3.197,9 | 2.217,7 | -30,7 |
| **Cambados** | 226 | 250 | 24 | 1.087,1 | 1.397,9 | 28,6 | 4.928,5 | 5.789,4 | 17,5 |
| **Marín pescados Touza** | 249 | 254 | 5 | 1.105,2 | 1.108,8 | 0,3 | 2.871,0 | 3.258,0 | 13,5 |
| **Cedeira** | 0 | 254 | 254 | 627,1 | 1.012,7 | 61,5 | 4.824,4 | 6.876,9 | 42,5 |
| **Illa de Arousa** | 218 | 245 | 27 | 966,7 | 835,6 | -13,6 | 7.210,5 | 6.906,3 | -4,2 |

Fonte: *Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, Anuario pesca fresca de Galicia*

**Producción de madeira e leña 2003: distribución segundo especies**

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total Galicia |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | (en $m^3$ con cortiza) | | |
| **Coníferas** | 672.434 | 1.234.135 | 759.746 | 539.998 | 3.206.313 |
| Piñeiro silvestre | 1.523 | 85.211 | 141.090 | 28 | 227.852 |
| Piñeiro pinaster | 613.610 | 699.818 | 595.905 | 491.134 | 2.400.467 |
| Piñeiro radiata | 50.893 | 447.552 | 22.751 | 39.318 | 560.514 |
| Outros | 6.408 | 1.554 | - | 9.518 | 17.480 |
| **Frondosas** | 1.721.518 | 533.284 | 42.484 | 617.200 | 2.914.486 |
| Bidueiro | 4.040 | - | 311 | - | 4.351 |
| Castiñeiro | 5.364 | - | 3.393 | 1.142 | 9.899 |
| Carballo | 25.607 | 50.764 | 7.252 | 64.558 | 148.181 |
| Eucalipto | 1.672.529 | 444.962 | 27.332 | 548.272 | 2.693.095 |
| Outras frondosas | 13.978 | 37.558 | 4.196 | 3.228 | 58.960 |
| **Total madeira** | 2.393.952 | 1.767.419 | 802.230 | 1.157.198 | 6.120.799 |

Fonte: *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de estatística agraria 2003*

CADRO 1.2.16. ▲

producción e o 20,0% do valor en primeira venda no conxunto das lonxas galegas.

### • Subsector silvicultura-madeira

Tras a caída da producción de madeira -principal achega do subsector forestal dende una perspectiva tradicional- ao longo dos últimos tres anos, en 2003 (último ano dispoñible) esta medrou un 25,1% respecto á producción do ano precedente, acadando un volume total de 6.120,8 miles de metros cúbicos con cortiza. Do mesmo xeito, a producción de leña medra en 2003 un 55,2% para situarse nos 559,3 miles de estéreos (un estéreo equivale á leña que pode colocarse, apilada, no espacio dun metro cúbico).

A meirande parte da producción corresponde a madeira para trituración (pasta e taboleiros), co 68,5%, seguida do destino de toros (serra e travesas e chapas), co 28,5%. O **cadro 1.2.17.** amosa que este predominio prodúcese en tódalas provincias galegas, fluctuando entre o 74,0% de A Coruña e o 58,8% de Ourense.

Atendendo á distribución segundo especies, o 52,4% da producción total de madeira en 2003 correspondeu ás frondosas e o restante 47,6% da mesma ás coníferas, sendo as especies máis importantes canto á súa producción o eucalipto e o piñeiro pinaster, que representan o 44,0% e o 39,2% da producción, respectivamente.

A provincia de A Coruña é a principal productora de madeira, ao acoller o 39,1% da producción total de Galicia (2.394,0 miles de metros cúbicos), seguida de Lugo, co 28,9% da producción galega (1.767,4 miles de metros cúbicos). No concernente á producción de leña, a principal productora foi Lugo, que acolle o 33,5% da producción de leña de Galicia (187.166 estéreos), fronte ao 29,3% da producción de leña (164.128 estéreos) en Pontevedra.

Atendendo aos datos do Cluster da madeira de Galicia, as 120 empresas englobadas no mesmo xeraron no último ano un total de 8.894 empregos, ascendendo a súa facturación a 1.585,6 millóns de euros. As actividades máis importantes en termos de número de emrpesas son as de "serradoiros" e "fabricación de mobles", con 41 e 22 empresas, respectivamente.

**Produción de madeira 2003: distribución segundo destino industrial**

| | Toros | | Madeira para trituración | | Redondos | Outros usos | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Para serra e travesas | Para chapas | Para taboleiros | Para Pastas | Pexas de mina | | |
| | (en $m^3$ sen cortiza) | | | | | | |
| A Coruña | 415.521 | 47.426 | 382.377 | 1.136.202 | 30.299 | 41.058 | 2.052.883 |
| Lugo | 415.961 | 63.932 | 586.234 | 352.017 | 9.387 | 29.133 | 1.456.664 |
| Ourense | 218.337 | 36.842 | 348.313 | 28.039 | 748 | 12.904 | 645.183 |
| Pontevedra | 232.669 | 31.351 | 273.396 | 407.352 | 10.863 | 19.503 | 975.134 |
| **Total** | 1.282.488 | 179.551 | 1.590.320 | 1.923.610 | 51.297 | 102.598 | 5.129.864 |

Fonte: *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de estatística agraria 2003*

▲ CADRO 1.2.17.

**Prezos do subsector forestal 2002-03**

| 2003 | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia |
|---|---|---|---|---|---|
| | (€ / m3) | | | | |
| Piñeiro pinaster | 28,18 | 33,14 | 33,14 | 28,39 | 30,71 |
| Piñeiro radiata | 28,18 | 33,14 | 33,14 | 28,39 | 30,71 |
| Eucalipto | 21,37 | 27,39 | 27,39 | 23,45 | 24,90 |

| 2002 | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia |
|---|---|---|---|---|---|
| | (€ / m3) | | | | |
| Piñeiro pinaster | 26,07 | 28,53 | 28,53 | 26,18 | 27,33 |
| Piñeiro radiata | 26,07 | 28,53 | 28,53 | 26,05 | 27,30 |
| Eucalipto | 26,89 | 28,06 | 28,06 | 26,65 | 27,42 |

Fonte: *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de estatística agraria 2003*

◄ CADRO 1.2.18.

Un último aspecto a ter en consideración á hora de analizar a situación do subsector forestal é o relacionado cos prezos da madeira. Segundo se recolle no *Anuario de Estatística Agraria 2003*, ao igual que o acontecido en 2002, os prezos forestais medran no caso do piñeiro pinaster e do piñeiro radiata, mentre que descenden no caso do eucalipto.

O **cadro 1.2.18.** reflicte que os prezos máis elevados son os do piñeiro pinaster e piñeiro radiata, con 30,71 euros por metro cúbico, mentres que o prezo por metro cúbico no caso do eucalipto foi de 24,90 euros.

## SECTOR INDUSTRIAL

A produción industrial galega experimentou en 2004 unha forte desaceleración en termos de valor engadido bruto, como consecuencia tanto dunha forte caída nas ramas enerxéticas como dunha redución, máis moderada, nas ramas industriais. En termos reais, o VEB industrial medrou no último ano un 1,7% respecto ao ano precedente, tras unha medra do 0,7% do subsector enerxético e do 2,0% do subsector industria.

Atendendo aos datos da *Contabilidad regional de España* (fonte INE), que permite comparar os datos das distintas comunidades autónomas, o valor da **produción do sector industrial** galego en 2004, medida a través do seu valor engadido bruto a prezos básicos (prezos correntes), ascendeu a 7.479,1 millóns de

CADRO 1.2.19.

***Índice de Producción Industrial de Galicia e España 2003-04: distribución segundo destino económico*** (1)

| | Galicia 2003 | Galicia 2004 | Galicia 04/03 | España 2003 | España 2004 | España 04/03 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | *(Base 2000 = 100)* | | *(%)* | *(Base 2000 = 100)* | | *(%)* |
| **Índice Xeral** | 105,2 | 105,9 | 0,7 | 100,5 | 100,5 | 1,8 |
| **Bens de consumo** | 95,0 | 95,0 | -0,1 | 102,0 | 102,0 | 0,0 |
| consumo duradeiro | 101,5 | 110,3 | 8,7 | 94,7 | 94,7 | 0,1 |
| consumo non duradeiro | 94,5 | 93,7 | -0,8 | 103,2 | 103,2 | 0,0 |
| **Bens de equipamento** | 96,1 | 95,6 | -0,5 | 92,5 | 92,5 | 1,9 |
| **Bens intermedios** | 112,7 | 116,6 | 3,4 | 101,4 | 101,4 | 1,9 |
| **Enerxía** | 115,7 | 113,8 | -1,6 | 106,9 | 106,9 | 4,9 |

**(1) Media anual**

Fonte: *INE*

euros, o que representa o 5,5% do total estatal. Comparada co resto das comunidades autónomas Galicia é a sétima comunidade con maior peso relativo no conxunto do Estado, por detrás de Cataluña, Madrid, a Comunidade Valenciana, País Vasco, Andalucía e Castela e León.

Do valor total da producción industrial, o sector enerxético galego produciu un total de 1.781,3 millóns de euros (o 8,5% da producción española) e a producción industrial sen a enerxía, 5.697,8 millóns de euros, o 4,9% do total estatal.

A importancia relativa da producción industrial no VEB total a prezos básicos da economía galega é do 19,0% en 2003 fronte ao 18,4% de media en España. Se considerámo-la desagregación entre o subsector enerxético e industrial, cómpre salientar que mentres que a producción enerxética ten un peso superior no VEB galego que no caso da media española (4,5% e 2,8%, respectivamente), o subsector industrial ten maior importancia relativa na economía española que na galega (15,5% e 14,5%, respectivamente).

A taxa media de crecemento do **Índice de Producción Industrial** en Galicia tamén indica a devandita desaceleración no crecemento do sector. O índice xeral rexistrou unha medra do 0,7%, máis de tres puntos porcentuais inferior ao do ano anterior (3,8%). Pola contra, no conxunto do Estado, este índice sitúase lixeiramente por riba do crecemento do ano precedente (1,8% en 2004, dúas décimas superior ao de 2003).

Atendendo á súa desagregación segundo destino económico, o **cadro 1.2.19.** amosa que tan só a producción de bens de consumo duradeiro e a de bens intermedios presentan un incremento en relación ao acontecido en 2003. A taxa media da producción industrial foi do 8,7% no caso dos bens de consumo duradeiro e do 3,4% no de bens intermedios. A producción enerxética é a que presenta a maior caída, cun 1,6% respecto ao ano precedente, seguido polos bens de consumo non duradeiro, co 0,8%.

O número de **traballadores ocupados** no sector industrial, trala caída experimentada no ano 2003, acadou en 2004 (fonte EPA, metodoloxía 2005) as 206,6 miles de persoas, 0,3 miles de persoas máis que no ano anterior, o que representa o 19,1% dos ocupados en Galicia. As ramas de actividade máis importantes segundo o seu volume de ocupación (IGE, metodoloxía EPA 2002) son as de “fabricación de material de transporte” e “industrias de productos alimenticios, bebidas e tabaco”, con 37,8 miles de persoas, e 37,7 miles de traballadores, res-

**Principais variables económicas da industria nas CC.AA. 2003**

| | Cifra de negocios | Ingresos de explotación | Variación de existencias | Total consumos | Gastos de persoal | Gastos de explotación |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | (en miles de €) | | | | | |
| **Andalucía** | 42.636.834 | 43.355.673 | 19.480 | 26.083.381 | 5.822.033 | 39.425.807 |
| **Aragón** | 21.544.003 | 21.829.746 | 87.912 | 13.881.445 | 2.918.106 | 20.540.738 |
| **Asturias** | 10.637.403 | 11.016.298 | -17.359 | 5.886.888 | 2.007.514 | 10.299.616 |
| **Baleares** | 3.256.378 | 3.310.395 | -2.878 | 1.793.608 | 575.710 | 3.001.333 |
| **Canarias** | 6.568.253 | 6.665.093 | 2.751 | 3.542.925 | 986.692 | 5.758.941 |
| **Cantabria** | 6.206.698 | 6.293.843 | 5.191 | 3.524.691 | 1.097.981 | 5.864.431 |
| **Castela - A Mancha** | 18.140.168 | 18.525.484 | 45.355 | 11.146.118 | 2.493.420 | 16.989.835 |
| **Castela e León** | 28.347.889 | 28.766.255 | -1.499 | 17.736.827 | 4.038.334 | 26.632.524 |
| **Cataluña** | 115.706.787 | 117.951.223 | 368.545 | 68.460.139 | 19.240.107 | 110.878.404 |
| **C. Valenciana** | 50.467.428 | 51.075.475 | 162.695 | 30.815.281 | 8.021.265 | 48.034.605 |
| **Estremadura** | 3.884.170 | 3.976.851 | 17.772 | 2.397.643 | 541.353 | 3.636.331 |
| **Galicia** | 28.021.097 | 28.401.739 | 61.562 | 18.504.019 | 3.752.694 | 26.659.027 |
| **Madrid** | 52.869.206 | 53.966.798 | -18.848 | 30.922.983 | 8.584.057 | 49.439.096 |
| **Murcia** | 11.224.899 | 11.397.031 | 42.222 | 7.064.558 | 1.579.344 | 10.680.597 |
| **Navarra** | 14.222.206 | 14.447.319 | 27.265 | 8.983.081 | 2.226.070 | 13.697.650 |
| **País Vasco** | 42.169.586 | 42.985.011 | 77.943 | 24.961.793 | 7.826.322 | 40.583.389 |
| **A Rioja** | 4.347.039 | 4.435.159 | 31.732 | 2.427.122 | 747.112 | 4.045.021 |
| **Total industria** | 460.250.044 | 468.399.393 | 909.841 | 278.132.502 | 72.458.114 | 436.167.345 |
| **Galicia / España** | 6,1 | 6,1 | 6,8 | 6,7 | 5,2 | 6,1 |

Fonte: *INE*, *Encuesta Industrial de Empresas*

▲ CADRO 1.2.20.

pectivamente, seguidas das industrias de "fabricación de productos metálicos. Construcción de máquinas e material mecánico" e "industrias do téxtil, confección e coiro", con máis de vinte e sete mil ocupados.

Comparado co ano anterior, as distintas ramas de actividade experimentan un comportamento desigual. Dunha banda, cómpre salientar que as ramas con maior crecemento na súa ocupación (en termos absolutos) son as correspondentes á "coquerías, fabricación de productos químicos e productos metais", "industrias do téxtil, confección e coiro" e "industria do papel e edición". Pola contra, as catro ramas de actividade que experimentan caídas na súa ocupación son as de "industrias de productos alimenticios, bebidas e tabaco", "fabricación de material de transporte", "outras industrias manufactureiras" e as "industrias extractivas".

Segundo os datos da *Encuesta industrial de empresas 2003* do INE, a cifra de negocios medrou en Galicia no último ano considerado un 1,3% (un punto e seis décimas menos que o experimentado no conxunto da industria española), pasando dos 27.661,3 millóns de euros de 2002 aos 28.021,1 millóns de euros de 2003. A participación da industria galega na cifra de negocios total da industria española foi do 6,1%. Comparado co resto das comunidades autónomas, o **cadro 1.2.20.** amosa que Galicia segue sendo a sexta comunidade con maior participación, por detrás de Cataluña (25,1%), Madrid (11,5%), a C. Valenciana (11,0%), Andalucía (9,3%) e o País Vasco (9,1%).

No concernente á distribución da cifra de negocios por agrupacións de actividade, cómpre salientar a maior contribución ao total da industria galega do grupo de actividade de material de transporte, que representa o 23,7%. Séguenlle en importancia as actividades de alimentación, bebidas e tabaco, cun 19,4%, e as "industrias extractivas, enerxía e auga", co 15,5%. Comparado coa media galega, as ramas de actividade que presentan un mellor comportamento son as da "industria química", cunha medra superior ao dez por cento, as "industrias de productos minerais non metálicos diversos", cunha medra do 9,5%, as de "maquinaria e equipo metálico", cun incremento por riba do sete por cento, as indus-

***Principais variables económicas da industria galega 2002-03: distribución segundo ramas de actividade***

| 2003 (en miles de €) | Cifra de negocios | Ingresos de explotación | Variación existencias | Total consumo | Gastos persoal | Gastos de explotación |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Industrias extractivas, petroleo, enerxía e auga** | 4.348.313 | 4.430.302 | -47 | 2.545.687 | 338.964 | 3.701.765 |
| **Alimentación, bebidas e tabaco** | 5.432.876 | 5.499.525 | 13.548 | 3.931.283 | 508.838 | 5.260.783 |
| **Industria téxtil, confección, coiro e calzado** | 1.471.359 | 1.480.876 | 95 | 900.409 | 296.240 | 1.373.048 |
| **Madeira e corcho** | 1.652.095 | 1.660.805 | 7.348 | 1.141.954 | 213.209 | 1.615.450 |
| **Pepel, edición, artes gráficas** | 770.167 | 780.456 | 2.272 | 355.771 | 160.840 | 725.881 |
| **Industria química** | 1.058.439 | 1.069.379 | 10.876 | 677.099 | 94.173 | 991.818 |
| **Caucho e materias plásticas** | 656.863 | 665.930 | 1.331 | 371.073 | 106.713 | 609.805 |
| **Productos minerais non metálicos diversos** | 1.368.410 | 1.384.002 | 9.700 | 757.160 | 274.549 | 1.318.354 |
| **Metalurxia e fabricación de prod. metálicos** | 3.057.426 | 3.093.295 | 8.711 | 1.771.233 | 556.218 | 2.869.966 |
| **Maquinaria e equipo mecánico** | 762.613 | 769.215 | 3.971 | 463.655 | 189.701 | 739.929 |
| **Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico** | 488.567 | 496.591 | 9.159 | 292.753 | 92.083 | 460.274 |
| **Material de transporte** | 6.629.820 | 6.743.741 | -8.133 | 5.137.094 | 818.620 | 6.676.098 |
| **Industrias manufactureiras diversas** | 324.148 | 327.623 | 2.734 | 158.847 | 102.547 | 315.856 |
| **Total industrial** | 28.021.096 | 28.401.740 | 61.565 | 18.504.018 | 3.752.695 | 26.659.027 |

| 2002 (en miles de €) | Cifra de negocios | Ingresos de explotación | Variación existencias | Total consumo | Gastos persoal | Gastos de explotación |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Industrias extractivas, enerxía e auga** | 4.680.158 | 4.749.308 | 4.603 | 2.694.052 | 316.362 | 3.797.187 |
| **Alimentación, bebidas e tabaco** | 5.115.858 | 5.192.655 | 4.297 | 3.701.085 | 486.965 | 4.947.798 |
| **Industria téxtil, confección, coiro e calzado** | 1.553.287 | 1.564.125 | 19.517 | 983.572 | 301.618 | 1.471.423 |
| **Madeira e corcho** | 1.549.418 | 1.557.787 | 3.872 | 1.036.506 | 201.519 | 1.488.701 |
| **Pepel, edición, artes gráficas** | 764.721 | 778.571 | -6.013 | 377.136 | 149.260 | 696.644 |
| **Industria química** | 959.749 | 970.787 | 12.416 | 600.969 | 89.106 | 893.208 |
| **Caucho e materias plásticas** | 712.749 | 718.721 | 2.868 | 414.786 | 109.826 | 663.658 |
| **Productos minerais non metálicos diversos** | 1.249.820 | 1.262.503 | 9.913 | 635.306 | 282.247 | 1.199.817 |
| **Metalurxia e fabricación de prod. metálicos** | 2.931.916 | 2.964.129 | -11.396 | 1.710.654 | 500.693 | 2.694.580 |
| **Maquinaria e equipo mecánico** | 710.263 | 717.446 | 12.360 | 418.832 | 182.876 | 688.885 |
| **Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico** | 575.787 | 581.813 | -10.040 | 344.138 | 104.472 | 528.179 |
| **Material de transporte** | 6.545.241 | 6.638.656 | 108.326 | 5.222.397 | 816.866 | 6.701.650 |
| **Industrias manufactureiras diversas** | 312.341 | 313.648 | 4.319 | 168.835 | 87.016 | 300.577 |
| **Total industrial** | 27.661.308 | 28.010.149 | 155.042 | 18.308.268 | 3.628.826 | 26.072.307 |

Fonte: *INE*, *Encuesta Industrial de Empresas*

CADRO 1.2.21. ▲

trias de "alimentación, bebidas e tabaco" e "madeira e cortiza", con aumentos por riba do seis por 100, as industrias "metalúrxicas e fabricación de productos metálicos", cun 4,3%, e as "industrias manufactureiras diversas", cun incremento de case un catro por cento.

Os gastos de persoal da industria galega rexistraron unha medra do 3,4% respecto ao ano 2002 (4,5% no conxunto do Estado), acadando os 3.752,7 millóns de euros (o 5,2% do total estatal).

Entre as diferentes agrupacións de actividade, a correspondente á material de transporte segue sendo a que presenta os gastos de persoal máis elevado, con 818,6 millóns de euros (o 21,8% dos gastos de persoal no conxunto do Estado), seguida polas actividades de metalurxia e fabricación de productos metálicos, con 556,2 millóns de euros (14,8%), e as de alimentación, bebidas e tabaco, con 508,8 millóns de euros (o 13,6%).

### • Industria mineira

Galicia acolle en 2002 (último dato dispoñible) case o dez por cento das explotacións mineiras españolas e máis do quince por cento do persoal empregado nestas industrias. En termos absolutos, Galicia acolle un total de 386 explotacións mineiras, cun emprego total de 6.421 persoas (5.609 traballadores son

**Principais datos das industrias mineiras en Galicia e España 2001-02**

| | | España 2001 | España 2002 | Galicia 2001 | Galicia 2002 | Galicia / España 2001 (%) | Galicia / España 2002 (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | | | | | | | |
| **Número de explotacións** | | 3.739 | 3.988 | 338 | 386 | 9,0 | 9,7 |
| **Persoal empregado** | | 42.208 | 42.328 | 6.342 | 6.421 | 15,0 | 15,2 |
| Obreiros de produción | | 34.512 | 34.562 | 5.566 | 5.609 | 16,1 | 16,2 |
| **Custos de produción** | *(en millóns de €)* | 2.501.296 | 2.519.786 | 310.721 | 319.993 | 12,4 | 12,7 |
| Persoal | | 1.122.170 | 1.111.050 | 145.675 | 145.759 | 13,0 | 13,1 |
| Materiais | | 301.248 | 300.673 | 37.283 | 39.879 | 12,4 | 13,3 |
| Enerxía | | 372.657 | 377.599 | 45.606 | 45.970 | 12,2 | 12,2 |
| Contratas e outros servizos | | 705.220 | 730.464 | 82.160 | 88.384 | 11,7 | 12,1 |
| **Produción vendible** | *(en millóns de €)* | 320.789 | 298.805 | 44.176 | 28.289 | 13,8 | 9,5 |
| **Investimentos realizados** | *(en millóns de €)* | 3.281.727 | 3.411.716 | 454.213 | 481.707 | 13,8 | 14,1 |
| **Produtos enerxéticos** | | | | | | | |
| **Número de explotacións** | | 83 | 77 | 2 | 2 | 2,4 | 2,6 |
| **Persoal empregado** | | 14.845 | 13.859 | 844 | 767 | 5,7 | 5,5 |
| Obreiros de produción | | 11.572 | 10.718 | 562 | 505 | 4,9 | 4,7 |
| **Custos de produción** | *(en millóns de €)* | 1.058.420 | 1.064.708 | 97.424 | 95.368 | 9,2 | 9,0 |
| Persoal | | 572.456 | 551.937 | 41.861 | 39.275 | 7,3 | 7,1 |
| Materiais | | 55.121 | 57.902 | 8.643 | 9.070 | 15,7 | 15,7 |
| Enerxía | | 104.392 | 106.075 | 7.029 | 4.710 | 6,7 | 4,4 |
| Contratas e outros servizos | | 326.451 | 348.794 | 39.891 | 42.313 | 12,2 | 12,1 |
| **Produción vendible** | *(en millóns de €)* | 138.900 | 101.881 | (nd) | (nd) | | |
| **Investimentos realizados** | *(en millóns de €)* | 836.022 | 789.782 | (nd) | (nd) | | |
| **Minerais non metálicos** | | | | | | | |
| **Número de explotacións** | | 188 | 193 | 21 | 23 | 11,2 | 11,9 |
| **Persoal empregado** | | 3.764 | 3.733 | 278 | 274 | 7,4 | 7,3 |
| Obreiros de produción | | 2.772 | 2.743 | 210 | 210 | 7,6 | 7,7 |
| **Custos de produción** | *(en millóns de €)* | 351.522 | 354.354 | 23.967 | 24.693 | 6,8 | 7,0 |
| Persoal | | 119.750 | 120.629 | 6.689 | 6.856 | 5,6 | 5,7 |
| Materiais | | 44.940 | 40.933 | 2.518 | 2.817 | 5,6 | 6,9 |
| Enerxía | | 55.966 | 60.424 | 3.511 | 4.253 | 6,3 | 7,0 |
| Contratas e outros servizos | | 130.866 | 132.367 | 11.248 | 10.767 | 8,6 | 8,1 |
| **Produción vendible** | *(en millóns de €)* | 48.352 | 67.721 | (nd) | (nd) | | |
| **Investimentos realizados** | *(en millóns de €)* | 467.888 | 478.338 | (nd) | (nd) | | |
| **Produtos de canteira** | | | | | | | |
| **Número de explotacións** | | 3.458 | 3.713 | 315 | 361 | 9,1 | 9,7 |
| **Persoal empregado** | | 22.513 | 23.699 | 5.220 | 5.380 | 23,2 | 22,7 |
| Obreiros de produción | | 19.366 | 20.330 | 4.794 | 4.894 | 24,8 | 24,1 |
| **Custos de produción** | *(en millóns de €)* | 967.190 | 1.043.098 | 189.331 | 199.932 | 19,6 | 19,2 |
| Persoal | | 386.874 | 418.458 | 97.125 | 99.628 | 25,1 | 23,8 |
| Materiais | | 184.046 | 195.511 | 26.122 | 27.992 | 14,2 | 14,3 |
| Enerxía | | 185.856 | 201.566 | 35.063 | 37.008 | 18,9 | 18,4 |
| Contratas e outros servizos | | 210.414 | 227.562 | 31.021 | 35.304 | 14,7 | 15,5 |
| **Produción vendible** | *(en millóns de €)* | 123.962 | 124.546 | (nd) | (nd) | | |
| **Investimentos realizados** | *(en millóns de €)* | 1.847.826 | 2.052.685 | (nd) | (nd) | | |

**(nd) Dato non dispoñible**
Fonte: *IGE*

obreiros de producción). O **cadro 1.2.22.** reflicte unha medra tanto no número de explotacións como na contía total de ocupados nesta industria.

▲ CADRO 1.2.22.

O investimento realizado nestas explotacións ascendeu en 2002 a 481.707 millóns de euros, 27.494 miles de euros máis que no ano anterior, o que representa o 14,1% do investimento realizado a nivel estatal. A producción vendible, pola contra, experimenta unha caída do 36%, acadando un valor de 28.289 millóns de euros.

Atendendo á distribución segundo intervalos de emprego, seis de cada dez explotacións industriais mineiras en Galicia teñen nove ou menos empregados e un 22,3%, entre 10 e 19 traballadores. No conxunto do Estado, estas porcentaxes ascenderon ao 81,3% e o 11,6%, respectivamente.

No que atinxe á distribución segundo tipo de industria, o devandito **cadro 1.2.22.** reflicte a importancia relativa da industria de productos de canteira. Nas 361 explotacións industriais destes productos traballan 5.380 persoas, o que sig-

nifica que Galicia acolle o 9,7% das explotacións españolas e o 22,7% do persoal empregado. Os custos de producción neste tipo de industrias, 199.932 millóns de euros, representan case a quinta parte dos custos de producción destes productos en España.

• **Subsector enerxético**

O **balance enerxético** correspondente ao ano 2004 reflicte que a producción de electricidade do réxime ordinario ascendeu a 20.172,4 GWh (o 10,4% do total estatal) e a do réxime especial a 7.253,5 GWh (o 16,0% do total estatal). Atendendo ás distintas fontes de producción en Galicia, **cadro 1.2.23.**, cómpre salientar a importancia do carbón, con 15.463,3 GWh, e da hidráulica, con 5.310,4 GWh.

No concernente á **demanda de electricidade**, o devandito **cadro 1.2.23.** amosa que en Galicia, esta medra un 6,6% entre os anos 2003 e 2004, acadando os 18.968,3 GW en 2004 (o 8,1% do total estatal).

Segundo os datos de consumo de enerxía eléctrica publicados polo IGE, **cadro 1.2.24.**, o sector industrial galego acolle en 2002 (último dato dispoñible) o 58,4% do consumo enerxético total, seguíndolle en importancia o consumo para uso doméstico e o sector servizos, co 22,1% e 18,0%, respectivamente. Dentro do sector industrial, cómpre salienta-la importancia do subsector de alúmina e aluminio, que consume o 28,4% do consumo industrial en 2001.

Comparado co total estatal, cómpre salienta-la importancia relativa do consumo enerxético galego nas industrias de alúmina e aluminio, de construcción naval e de madeira e cortiza. No primeiro caso, as industrias galegas consumen máis das tres cuartas partes do consumo español na industria de alúmina e aluminio, en tanto que no caso da construcción naval e da industria da madeira, o consumo representa o 38,4% e 26,7%, respectivamente.

Outra forma de obter enerxía eléctrica é a chamada **coxeneración**, que se define como a producción local e simultánea de enerxía eléctrica e/ou mecánica e de enerxía térmica aproveitable en diversos procesos a partir dunha mesma fonte de enerxía primaria. En Galicia funcionan un total de 108 plantas de coxeneración (**cadro 1.2.25.**), cunha potencia nominal de 632.902 Kw. O maior número de plantas e a producción máis importante corresponde á provincia de A Coruña, que acolle 65 plantas de coxeneración, cunha potencia nominal de 509.771 Kw, o 80,5% do total producido en Galicia.

Un último aspecto a ter en conta á hora da análise da enerxía eléctrica é o referente á súa calidade de subministración medida a través do TIEPI (Tempo de Interrupción Equivalente á Potencia Instalada). O **cadro 1.2.26.** amosa que Galicia é a sétima C.A. coa menor interrupción no abastecemento eléctrico, cun TIEPI de 2,28 horas (2,78 horas no conxunto do Estado), das que 0,17 horas corresponden a interrupcións programadas e 2,21 horas, a interrupcións imprevistas.

• Enerxías renovables

A potencia cíclica instalada con estas fontes enerxéticas (enerxías que se renovan ou recuperan de maneira cíclica nunha escala temporal de curto prazo) ascendeu en 2004 a 5.113 MW (o 18,9% do total estatal), 338 MW máis que no ano anterior. En termos relativos, a súa importancia na potencia instalada total medra dende o 60,5% de 2003 ata o 62,3% de 2004.

### *Balance de enerxía eléctrica nas CC.AA. 2004*

| | Andalucía | Aragón | Asturias | Baleares | Canarias | Cantabria | Castela - A Mancha | Castela e León | Cataluña | Ceuta |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Produción** | 24.233,7 | 11.158,7 | 18.532,1 | - | - | 630,5 | 14.453,8 | 30.748,6 | 38.955,3 | - |
| Hidráulica | 1.309,0 | 3.166,9 | 1.418,4 | - | - | 630,5 | 726,0 | 7.940,5 | 4.403,8 | - |
| Nuclear | - | - | - | - | - | - | 9.782,5 | 4.047,3 | 24.277,7 | - |
| Carbón | 13.718,1 | 7.991,7 | 17.113,7 | - | - | - | 1.104,2 | 18.760,8 | 896,3 | - |
| Fuel/gas (1) | 1.279,5 | - | - | - | - | - | 2.841,2 | - | 1.184,8 | - |
| Ciclo combinado | 7.927,1 | - | - | - | - | - | - | - | 8.192,7 | - |
| **-consumos xeneración** | 819,2 | 602,7 | 992,5 | - | - | 9,9 | 1.007,9 | 1.482,2 | 1.406,8 | - |
| **-consumos bombeo** | 868,1 | 499,1 | 109,0 | - | - | 732,3 | 220,2 | 385,6 | 632,1 | - |
| **Produción** | 22.546,3 | 10.056,8 | 17.430,6 | - | - | - 111,7 | 13.225,7 | 28.880,8 | 36.916,4 | - |
| **+ saldo intercambios (3)** | 6.433,7 | - 2.973,6 | - 6.853,1 | - | - | 1.245,1 | - 7.064,2 | - 19.115,6 | - 2.509,6 | - |
| **+Réxime especial** | 5.642,8 | 5.153,1 | 1.308,3 | - | - | 1.779,6 | 3.929,9 | 4.957,4 | 6.040,2 | - |
| **Demanda 2004** | 34.622,8 | 12.236,3 | 11.885,8 | - | - | 2.912,9 | 10.091,4 | 14.722,6 | 40.447,1 | - |
| **Demanda 2003** | 33.955,0 | 8.319,0 | 10.097,0 | 5.205,0 | 7.602,0 | 3.558,0 | 8.494,0 | 15.545,0 | 42.962,0 | 172,0 |

| | C.Valenciana | Extremadura | Galicia | Madrid | Melilla | Murcia | Navarra | País Vasco | La Rioja | Total industria |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Produción** | 15.134,7 | 19.253,6 | 21.188,5 | 105,7 | - | 1.049,0 | 4.335,2 | 6.244,8 | 391,3 | 206.415,4 |
| Hidráulica | 1.296,5 | 2.902,6 | 5.310,4 | 105,7 | - | 73,7 | 152,8 | 267,7 | 75,8 | 29.780,3 |
| Nuclear | 9.147,8 | 16.350,9 | - | - | - | - | - | - | - | 63.606,3 |
| Carbón | - | - | 15.463,3 | - | - | - | - | 1.310,2 | - | 76.358,4 |
| Fuel/gas (1) | 468,4 | - | 414,7 | - | - | 975,3 | - | 532,8 | - | 7.696,7 |
| Ciclo combinado | 4.222,0 | - | - | - | - | - | 4.182,4 | 4.134,1 | 315,5 | 28.973,7 |
| **-consumos xeneración** | 479,5 | 690,8 | 867,7 | 1,7 | - | 52,0 | 117,6 | 151,9 | 16,0 | 8.698,4 |
| **-consumos bombeo** | 947,0 | 62,9 | 148,3 | - | - | - | - | - | - | 4.604,7 |
| **Produción** | 13.708,3 | 18.499,9 | 20.172,4 | 104,0 | - | 997,0 | 4.217,6 | 6.092,9 | 375,2 | 193.112,3 |
| **+ saldo intercambios (2)** | 11.646,1 | - 13.031,5 | - 8.457,6 | 28.140,2 | - | 2.923,2 | - 2.794,3 | 9.459,9 | - 75,7 | - 3.027,0 |
| **+ Réxime especial** | 1.499,9 | 42,1 | 7.253,5 | 1.267,8 | - | 1.168,4 | 2.913,1 | 1.432,7 | 939,8 | 45.328,5 |
| **Demanda 2004** | 26.854,3 | 5.510,5 | 18.968,3 | 29.512,0 | - | 5.088,6 | 4.336,4 | 16.985,5 | 1.239,3 | 235.413,9 |
| **Demanda 2003** | 23.178,0 | 4.560,3 | 17.801,8 | 27.385,0 | 141,7 | 3.996,3 | 5.874,9 | 17.029,5 | 1.454,8 | 237.329,1 |

(1) Inclúe GICC (Elcogás) e ciclo combinado
(2) Provocado polo saldo negativo entre enerxía consumida e xenerada no ciclo bombeo-turbinación da central de Aguayo
(3) Non inclúe movementos de enerxía en tensións inferiores a 220 kV. Un valor positivo indica un saldo de intercambios importador e un valor negativo exportador.

Fonte: *Red Eléctrica de España*

▲ CADRO 1.2.23.

CADRO 1.2.24.

***Consumo de enerxía eléctrica en Galicia e España 2001-02: distribución segundo sectores de uso***

| | España | | | Galicia | | | Galicia / España | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2001 | 2002 | 02/01 | 2001 | 2002 | 02/01 | 2001 | 2002 |
| | *(megavatios / hora)* | | *(%)* | *(megavatios / hora)* | | *(%)* | *(%)* | |
| **Agricultura e Pesca** | 5.140.916 | 5.143.397 | 0,0 | 99.922 | 85.130 | -14,8 | 1,9 | 1,7 |
| **Industria** | 87.886.280 | 89.683.945 | 2,0 | 9.610.226 | 9.076.437 | -5,6 | 10,9 | 10,1 |
| **Minas e canteiras** | 1.621.304 | 1.274.627 | -21,4 | 130.233 | 110.833 | -14,9 | 8,0 | 8,7 |
| **Enerxía e auga** | 4.468.841 | 4.599.538 | 2,9 | 481.646 | 310.588 | -35,5 | 10,8 | 6,8 |
| Carbón | 719.285 | 618.259 | -14,0 | 176.940 | 27.854 | -84,3 | 24,6 | 4,5 |
| Petróleo | 2.701.733 | 2.674.059 | -1,0 | 256.312 | 262.244 | 2,3 | 9,5 | 9,8 |
| **Metálicas básicas** | 24.493.215 | 24.767.832 | 1,1 | 6.514.464 | 6.129.984 | -5,9 | 26,6 | 24,7 |
| Siderurxia | 14.879.997 | 15.154.427 | 1,8 | 1.251.641 | 1.222.321 | -2,3 | 8,4 | 8,1 |
| Metalurxia non férrea | 9.613.218 | 9.613.405 | 0,0 | 5.262.823 | 4.907.663 | -6,7 | 54,7 | 51,1 |
| Alúmina e aluminio | 5.762.105 | (nd) | | 4.406.382 | (nd) | | 76,5 | |
| **Transformados metálicos** | 9.617.585 | 9.662.651 | 0,5 | 517.159 | 510.951 | -1,2 | 5,4 | 5,3 |
| Automóbiles | 3.015.428 | 3.085.082 | 2,3 | 251.781 | 242.437 | -3,7 | 8,3 | 7,9 |
| Construción naval | 245.400 | 254.015 | 3,5 | 91.404 | 97.593 | 6,8 | 37,2 | 38,4 |
| **Química, caucho e plásticos** | 16.813.736 | 17.071.434 | 1,5 | 428.262 | 418.148 | -2,4 | 2,5 | 2,4 |
| **Cerámica, vidro, cemento e materiais de construción** | 10.110.203 | 10.651.683 | 5,4 | 304.944 | 283.498 | -7,0 | 3,0 | 2,7 |
| | 4.207.408 | 3.998.089 | -5,0 | 63.922 | 68.752 | 7,6 | 1,5 | 1,7 |
| **Textil, confección, calzado e coiro** | | | | | | | | |
| **Madeira e cortiza** | 1.809.724 | 2.326.220 | 28,5 | 500.310 | 621.392 | 24,2 | 27,6 | 26,7 |
| **Papel e artes gráficas** | 6.324.661 | 6.454.151 | 2,0 | 194.826 | 183.134 | -6,0 | 3,1 | 2,8 |
| **Alimentación, bebidas e tabaco** | 8.419.603 | 8.877.720 | 5,4 | 474.460 | 439.157 | -7,4 | 5,6 | 4,9 |
| **Construción** | 1.754.433 | 1.781.764 | 1,6 | 101.933 | 110.058 | 8,0 | 5,8 | 6,2 |
| **Servizos** | 58.496.828 | 61.969.693 | 5,9 | 2.769.056 | 2.803.564 | 1,2 | 4,7 | 4,5 |
| **Uso doméstico** | 52.190.576 | 55.211.268 | 5,8 | 3.385.067 | 3.435.924 | 1,5 | 6,5 | 6,2 |
| **Non especificados** | 1.738.195 | 1.738.583 | 0,0 | 20.662 | 21.447 | 3,8 | 1,2 | 1,2 |
| **Total** | 207.207.228 | 215.528.650 | 4,0 | 15.986.866 | 15.532.560 | -2,8 | 7,7 | 7,2 |

Fonte: *IGE*
(nd) Dato non dispoñible

CADRO 1.2.25.

***Plantas de coxeración en funcionamento 2004***

| | Plantas | Potencia *(en Kw)* |
|---|---|---|
| **A Coruña** | 65 | 509.771 |
| **Lugo** | 13 | 39.489 |
| **Ourense** | 5 | 27.960 |
| **Pontevedra** | 25 | 55.682 |
| **Total** | 108 | 632.902 |

Fonte: *Instituto Enerxético de Galicia*, Estudio sectorial da *coxeneración en Galicia*

CADRO 1.2.26.

***Continuidade do suministro eléctrico nas CC.AA 2004: (Tempo de interrupción equivalente á producción instalada)***

| | Imprevistos | Programados *(en horas)* | Total |
|---|---|---|---|
| **Andalucía** | 3,85 | 0,75 | 4,60 |
| **Aragón** | 1,47 | 0,54 | 2,01 |
| **Asturias** | 1,32 | 0,13 | 1,45 |
| **Baleares** | 2,32 | 0,93 | 3,25 |
| **Canarias** | 2,06 | 0,51 | 2,57 |
| **Cantabria** | 2,12 | 0,04 | 2,16 |
| **Castela - A Mancha** | 2,11 | 0,13 | 2,24 |
| **Castela e León** | 1,39 | 0,24 | 1,63 |
| **Cataluña** | 1,42 | 0,42 | 1,84 |
| **C. Valenciana** | 2,34 | 0,21 | 2,55 |
| **Extremadura** | 2,74 | 0,62 | 3,36 |
| **Galicia** | 2,11 | 0,17 | 2,28 |
| **Madrid** | 1,21 | 0,01 | 1,22 |
| **Murcia** | 1,90 | 0,38 | 2,28 |
| **Navarra** | 2,36 | 0,20 | 2,56 |
| **País Vasco** | 1,21 | 0,15 | 1,36 |
| **La Rioja** | 1,70 | 0,18 | 1,88 |
| **Total industria** | 2,37 | 0,41 | 2,78 |

Fonte: *Ministerio de Industria, Turismo y Comercio*

**Enerxías renovables en Galicia 2003-04: potencia instalada e electricidade neta xerada**

| | Potencia instalada | | Electricidade neta xerada | |
|---|---|---|---|---|
| | 2003 | 2004 | 2003 | 2004 |
| | *(en Mw)* | | *(en Ktep)* | |
| **Hidráulica** | 2.945 | 2.997 | 676 | 476 |
| **Minihidráulica** | 206 | 240 | 50 | 46 |
| **Eólica** | 1.579 | 1.824 | 290 | 357 |
| **Biomasa (non coxeración)** | 43 | 50 | 15 | 17 |
| **Coxeración con biomasa** | 2 | 2 | 0,06 | 0,12 |
| **Total instalada con FER** (1) | 4.775 | 5.113 | 1.031 | 896 |
| **Potencia total instalda** | 7.889 | 8.204 | 2.532 | 2.460 |
| **E.renovable/E.Total Instalda** *(%)* | 60,5 | 62,3 | 40,7 | 36,4 |

(1) Fonte de enerxía renovables
Fonte: *Instituto Enerxético de Galicia*

CADRO 1.2.27.

Ao longo dos ano 2003 e 2004 investíronse en instalacións que empregan estas fontes de enerxía ao redor de 300 millóns de euros anuais. No último ano o 81,0% deste investimento dirixiuse ás fonte de enerxía eólica, fronte ao 16,9% investido nas centrais minihidráulicas e o 2,1% dedicado ás instalacións de enerxía solar.

En termos de crecemento da potencia instalada cómpre salientar a enerxía eólica, que nos últimos anos rexistrou un importante desenvolvemento. Ao longo de 2004 a potencia instalada medrou en 245 MW, para acadar unha potencia eléctrica instalada de 1.824 MW, o que representa o 35,7% da potencia eléctrica instalada con enerxías renovables e o 22,2% da potencia total instalada en Galicia. Comparado co total estatal, Galicia acolle no último ano o 22,8% da potencia eléctrica instalada xerada por esta fonte enerxética, sendo esta porcentaxe do 26,9% en 2003.

Ademais desta enerxía eólica, o devandito **cadro 1.2.28.** reflicte que a potencia instalada xerada pola enerxía hidráulica ascendeu a 2.997 MW (o 21,8% do total estatal), o que representa o 58,6% da potencia instalada coas fontes de enerxía renovable e o 36,5% da potencia total instalada. No caso da minihidráulica, a potencia instalada foi de 240 MW e a xerada pola biomasa, de 52 MW.

Canto á electricidade neta xerada polas fontes de enerxía renovables, esta acadou en 2004 os 896 Ktep, 135 ktep menos que no ano anterior. Comparado coa electricidade neta total xerada en Galicia, esta representa o 36,4% fronte o 40,7% do ano anterior. A electricidade neta xerada pola centrais hidráulicas acadou as 476 Ktep (o 53,1% do total xerado polas fontes de enerxía renovables) e polos parques eólicos de 357 Ktep (o 39,8% da electricidade neta xerada por este tipo de enerxías).

• Productos petrolíferos

A diferencia do acontecido en 2003, o **cadro 1.2.28.** reflicte unha caída do peso relativo do consumo de Galicia no total español, que pasa do 7,4% de 2003 ao 7,1% de 2004. A demanda destes productos acadou no último ano un total de 3.518,2 miles de toneladas métricas, 0,5% menos que no ano anterior, en tanto que no conxunto do Estado o consumo de petróleo medra un 3,5% respecto ao ano precedente. O devandito cadro indica que o consumo de gasóleos representa o 63,4% do total de productos petrolíferos consumidos en Galicia, sendo a importancia relativa do consumo de fuel óleo e das gasolinas do 24,6% e do 11,2%, respectivamente. Cómpre salientar, dunha banda, que o peso relativo do

***Consumo de produtos petrolíferos 2003-04***

**2004**

| | Gasolinas | Gasóleos | Querosenos | Fuel óleos | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | *(en toneladas métricas)* | | |
| **A Coruña** | 153.339 | 840.966 | 28.691 | 394.333 | 1.417.329 |
| **Lugo** | 49.735 | 355.153 | 58 | 344.584 | 749.530 |
| **Ourense** | 51.480 | 279.874 | - | 51.466 | 382.820 |
| **Pontevedra** | 138.308 | 755.931 | 12.835 | 61.464 | 968.538 |
| **Total** | 392.862 | 2.231.924 | 41.584 | 851.847 | 3.518.217 |
| **Total España** | 7.730.772 | 31.532.068 | 4.908.164 | 5.551.618 | 49.722.622 |
| **Galicia/España** *(%)* | 5,1 | 7,1 | 0,8 | 15,3 | 7,1 |

**2003**

| | Gasolinas | Gasóleos | Querosenos | Fuel óleos | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | *(en toneladas métricas)* | | |
| **A Coruña** | 156.167 | 818.282 | 30.330 | 472.773 | 1.477.551 |
| **Lugo** | 51.594 | 346.558 | - | 325.798 | 723.950 |
| **Ourense** | 52.420 | 267.373 | - | 47.300 | 367.092 |
| **Pontevedra** | 139.424 | 742.448 | 12.577 | 71.875 | 966.323 |
| **Total** | 399.604 | 2.174.660 | 42.906 | 917.746 | 3.534.917 |
| **Total España** | 8.065.416 | 29.743.373 | 4.377.589 | 5.840.033 | 48.026.411 |
| **Galicia/España** *(%)* | 5,0 | 7,3 | 1,0 | 15,7 | 7,4 |

Fonte: *Asociación Española de Operadores Petrolíferos*

CADRO 1.2.28. ▲

consumo de fuel óleos no total estatal, foi do 15,3%, e por outra, a escasa importancia relativa do consumo do queroseno co 0,8%.

- **Industria da automoción**

A **producción total** de vehículos automóbiles en Galicia volveu a descender no ano 2004, rexistrándose esta caída tanto no caso das furgonetas coma dos turismos. O número total de vehículos situouse nos 458.839, un 2,9% inferior respecto á producción do ano precedente, dos que 259.806 corresponde á producción de furgonetas (un 4,9% menos que bo ano anterior) e 199.033 corresponden a turismos (un 0,3% menos que en 2003).

O *cluster* de automoción, que non inclúe o centro PSA en Vigo, está composto por 61 empresas, que acollen un total de 13.206 traballadores (un 9% máis que no ano anterior). A súa facturación, despois dunha medra dun 7% respecto a 2003, ascendeu en 2004 a 2.247 millóns de euros.

- **Industria naval**

Ao longo dos tres primeiros trimestres do ano 2004, o número de contratos novos ascende a 12, catro menos menos que no mesmo período do ano anterior. A pesar deste descenso, o **cadro 1.2.29.** reflicte unha forte medra do arqueo, que acada as 94.221 toneladas, máis de sesenta miles de toneladas máis que nos primeiros nove meses. Ao igual que no ano anterior, todos os contratos rexistrados son contratos para exportación.

No caso da carteira de pedimentos, o número total de contratos ascendeu a 50, vinte e sete menos que no mesmo período do ano 2003, correspondendo

*Construcción naval 2003-04*

| | Novos contratos | | | | Carteira de pedimentos | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Exportación | | Total | | Exportación | | Total | |
| | Nº | arqueo (1) | Nº | arqueo (1) | Nº | arqueo (1) | Nº | arqueo (1) |
| **2002** | 5 | 49.297 | 14 | 92.135 | 19 | 176.863 | 97 | 448.566 |
| **2003** | 17 | 50.248 | 17 | 50.248 | 77 | 376.270 | 77 | 376.270 |
| **2004** (2) | 12 | 94.221 | 12 | 94.221 | 50 | 285.511 | 50 | 285.511 |
| | | | | (%) | | | | |
| **04/03** | -25,0 | 190,1 | -25,0 | 190,1 | -23,1 | -12,2 | -23,1 | -12,2 |

(1) en Gross Tonnage, equivalente a 1016,041kg
(2) Datos acumulados ao terceiro trimestre do ano
Fonte: *IGE*

▲ CADRO 1.2.29.

todos eles a contratos para a exportación. O arqueo total foi de 285.511 toneladas brutas, unhas corenta mil toneladas inferior á do ano anterior.

No concernente á construcción de grandes buques, trala segregación do grupo naval Izar, cómpre salientar a aprobación das prexubilacións dun total de 1.405 traballadores maiores de 52 anos das dúas factorías da ría de Ferrol (704 traballadores da antiga Bazán e 701 traballadores da antiga Astano).

## Construcción

O sector da construcción en Galicia situouse en 2004 como o sector máis dinámico da economía galega, ao presentar  o seu VEB unha medra do 3,6%, medio punto porcentual máis que o crecemento do ano anterior. Un dos principais factores impulsores deste maior crecemento foi o investimento en construcción, tanto residencial coma non residencial.

Dende unha perspectiva trimestral, rexístrase unha aceleración do crecemento ao longo do ano, acadando as taxas de crecemento máis elevadas no derradeiro trimestre do ano, cun 3,8% respecto ao mesmo período do ano anterior, e o máis reducido no primeiro trimestre do ano, cun 3,3%.

Comparado co total estatal, o valor engadido xerado por esta rama de actividade representa o 5,9% do VEB total xerado por este sector en España. Ao igual que acontece co sector primario, a importancia relativa deste sector no PIB galego é superior á rexistrada no conxunto do Estado (11,3% en Galicia e 10,2% de media en España).

O devandito dinamismo do sector ten o seu reflexo no mercado de traballo, onde a ocupación estimada pola EPA experimentou unha medra do 4,3% (5,5 miles de persoas máis que no ano precedente). Este notable incremento contrasta co descenso do 2,0% (2,6 miles de traballadores) rexistrado en 2003 (**cadro 1.2.1.**).

A licitación pública de todas as administracións volveu a experimentar en 2004 un ritmo de crecemento superior ao do conxunto do Estado. O **cadro 1.2.30.** reflicte que no último ano, a licitación pública medrou en Galicia un 55,6% respecto ao ano anterior, acadando os 2.577,0 millóns de euros (o 8,1% da licitación en España). Atendendo á distribución segundo tipo de obra en Galicia, a licitación pública en obra civil, tras unha medra de case o 80%, acada os 2.229,0

***Licitación pública en Galicia e España 2004-03: distribución segundo administración e tipo de obra***

**2004**

| | Galicia | | | | | | España | G/E |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Varias | | |
| | *(en miles de €)* | | | | | | | *(%)* |
| **Total General** | 2.576.998 | 1.157.456 | 263.189 | 245.230 | 479.927 | 431.195 | 31.620.026 | 8,1 |
| **Edificación** | 348.035 | 148.318 | 32.401 | 26.242 | 83.954 | 57.120 | 9.164.959 | 3,8 |
| **Obra Civil** | 2.228.962 | 1.009.138 | 230.788 | 218.989 | 395.973 | 374.075 | 22.455.067 | 9,9 |
| **Admon. Central** | 1.575.314 | 630.267 | 126.653 | 166.445 | 280.907 | 371.042 | 10.599.636 | 14,9 |
| **Admon. Autonómica** | 681.721 | 400.253 | 95.773 | 47.466 | 78.596 | 59.633 | 10.636.949 | 6,4 |
| **Admon. Local** | 319.962 | 126.935 | 40.763 | 31.320 | 120.423 | 520 | 10.383.441 | 3,1 |

**2003**

| | Galicia | | | | | | España | G/E |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Varias | | |
| | *(en miles de €)* | | | | | | | *(%)* |
| **Total General** | 1.655.817 | 769.660 | 195.914 | 279.409 | 332.802 | 78.032 | 26.807.443 | 6,2 |
| **Edificación** | 416.620 | 142.182 | 27.335 | 64.033 | 134.397 | 48.672 | 8.859.233 | 4,7 |
| **Obra Civil** | 1.239.197 | 627.478 | 168.579 | 215.376 | 198.405 | 29.360 | 17.948.209 | 6,9 |
| **Admon. Central** | 842.087 | 420.202 | 120.057 | 187.870 | 113.957 | - | 11.345.495 | 7,4 |
| **Admon. Autonómica** | 477.903 | 203.003 | 35.569 | 43.099 | 118.898 | 77.333 | 8.967.785 | 5,3 |
| **Admon. Local** | 335.828 | 146.455 | 40.288 | 48.440 | 99.946 | 698 | 6.494.163 | 5,2 |

**2004/2003**

| | Galicia | | | | | | España | G/E |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Varias | | |
| | *(%)* | | | | | | | |
| **Total General** | 55,6 | 50,4 | 34,3 | -12,2 | 44,2 | 452,6 | 18,0 | |
| **Edificación** | -16,5 | 4,3 | 18,5 | -59,0 | -37,5 | 17,4 | 3,5 | |
| **Obra Civil** | 79,9 | 60,8 | 36,9 | 1,7 | 99,6 | 1.174,1 | 25,1 | |
| **Admon. Central** | 87,1 | 50,0 | 5,5 | -11,4 | 146,5 | | -6,6 | |
| **Admon. Autonómica** | 42,6 | 97,2 | 169,3 | 10,1 | -33,9 | -22,9 | 18,6 | |
| **Admon. Local** | -4,7 | -13,3 | 1,2 | -35,3 | 20,5 | -25,5 | 59,9 | |

Fonte: *Seopan*

CADRO 1.2.30. ▲

CADRO 1.2.31. ▶

***Consumo de cemento nas CC.AA. 2003-04***

| | 2002 | | 2003 | | 03/02 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en Tm)* | *(%)* | *(en Tm)* | *(%)* | *(%)* |
| **Andalucía** | 9.073.133 | 19,6 | 10.365.424 | 21,6 | 14,2 |
| **Aragón** | 1.217.207 | 2,6 | 1.238.099 | 2,6 | 1,7 |
| **Asturias** | 1.059.945 | 2,3 | 901.430 | 1,9 | -15,0 |
| **Baleares** | 993.653 | 2,1 | 950.095 | 2,0 | -4,4 |
| **Canarias** | 2.434.033 | 5,3 | 2.453.154 | 5,1 | 0,8 |
| **Cantabria** | 496.661 | 1,1 | 507.497 | 1,1 | 2,2 |
| **Castela-A Mancha** | 1.834.453 | 4,0 | 2.014.256 | 4,2 | 9,8 |
| **Castela e León** | 2.927.464 | 6,3 | 3.028.135 | 6,3 | 3,4 |
| **Cataluña** | 6.438.367 | 13,9 | 6.672.210 | 13,9 | 3,6 |
| **C. Valenciana** | 6.469.188 | 14,0 | 6.700.285 | 14,0 | 3,6 |
| **Estremadura** | 928.837 | 2,0 | 1.117.300 | 2,3 | 20,3 |
| **Galicia** | 2.917.657 | 6,3 | 2.857.881 | 6,0 | -2,0 |
| **A Coruña** | 1.229.357 | 2,7 | 1.128.705 | 2,4 | -8,2 |
| **Lugo** | 309.094 | 0,7 | 360.753 | 0,8 | 16,7 |
| **Ourense** | 206.311 | 0,4 | 223.981 | 0,5 | 8,6 |
| **Pontevedra** | 1.172.895 | 2,5 | 1.144.442 | 2,5 | -2,4 |
| **Madrid** | 4.202.232 | 9,1 | 3.946.567 | 8,2 | -6,1 |
| **Murcia** | 2.557.038 | 5,5 | 2.691.582 | 5,6 | 5,3 |
| **Navarra** | 665.736 | 1,4 | 704.862 | 1,5 | 5,9 |
| **País Vasco** | 1.503.493 | 3,3 | 1.369.314 | 2,9 | -8,9 |
| **A Rioxa** | 406.287 | 0,9 | 389.950 | 0,8 | -4,0 |
| **Ceuta e Melilla** | 97.840 | 0,2 | 97.350 | 0,2 | -0,5 |
| **Total** | 46.223.224 | 100 | 48.005.391 | 100 | 3,9 |

Fonte: *Oficemen*

millóns de euros, mentres que a licitación pública en edificación, que descende máis dun 15%, acada os 348,0 millóns de euros.

A licitación pública medrou gracias ao impulso das Administracións central e autonómica, que medran un 87,1% e 42,6% respecto ao ano precedente, respectivamente. En termos absolutos, a licitación pública da Administración central ascendeu a 1.575,3 millóns de euros, fronte aos 681,7 millóns de euros da Administración autonómica e os 320,0 millóns de euros da Administración local. Comparado co total estatal, Galicia acolle case o quince por cento da licitación pública da Administración central, fronte ó 6,4% da licitación das administracións autonómicas e o 3,1% das administracións locais.

A Coruña volve a ser a provincia con maior volume de licitación, con 1.157.456 miles de euros (o 44,9% da licitación en Galicia), seguido de Pontevedra, con 479,9 millóns de euros (18,6%). Estas dúas provincias foron as que presentaron o maior crecemento respecto ao ano precedente, co 50,4% e 44,2%, respectivamente. Asemade, cómpre salientar a caída da licitación na provincia de Ourense (12,2%).

A licitación en obra civil medra nas catro provincias galegas, mentres que no caso da licitación en edificación, só as provincias de A Coruña e Lugo presenta un incremento do valor total de obra licitada.

No que atinxe ao **consumo de cemento**, **cadro 1.2.31.**, este descendeu en Galicia un 2,0% respecto ao ano 2003, acadando as 2.857,9 miles de toneladas. Trala medra do 3,9% rexistrada de media en España, a importancia relativa do consumo galego no total estatal foi do 6,0% en 2004, tres décimas menos que no ano anterior.

- **Datos de vivenda**

Ao longo do ano 2004 iniciáronse en Galicia un total de 34.916 vivendas (o 5,1% das vivendas iniciadas no conxunto do Estado), das que 31.016 corresponden a vivendas libres (o 5,0% do total estatal) e 3.900 vivendas son vivendas protexidas (o 5,6% das vivendas protexidas iniciadas en España). Como se desprende do **cadro 1.2.32.**, case a metade das vivendas iniciadas (47,4%) están emprazadas en A Coruña, fronte ao 33,2% en Pontevedra e o 11,8% de Lugo e o 7,7% en Ourense.

No caso das vivendas rematadas, no ano 2004 finalizáronse un total de 32.621 vivendas, o 5,8% das vivendas rematadas en España. O número de vivendas libres é de 29.345 (o 5,8% das vivendas españolas libres rematadas), e o de vivendas protexidas, de 3.276 (o 5,9% do total estatal). Coma se deduce do devandito **cadro 1.2.32.**, a distribución provincial deste tipo de vivendas é similar ao das vivendas iniciadas.

Os **datos xerais** de vivenda en Galicia recollidos no **cadro 1.2.33.** amosan que o número de edificios de nova planta a construír en Galicia nos primeiros once meses do ano 2004 ascendeu a 6.208 (5.710 edificios residenciais) cunha superficie a construír de 6.225 miles de metros cadrados (en edificación residencial 5.453 miles de metros cadrados). O número de vivendas a construír ascendeu a 30.030 (6.706 vivendas máis que no mesmo período do ano precedente).

Xunto a esta edificación de nova planta, entre xaneiro e novembro de 2004 o número de licencias municipais para rehabilitación de edificios ascendeu a 1.675 e o de licencias para obras de demolición, a 648. Nese período de tempo,

CADRO 1.2.32.

### Construción de vivendas en Galicia e España 2003-04

#### Vivendas iniciadas

| | | Vivendas libres 2003 | Vivendas libres 2004 | Vivendas libres 03/04 (%) | Vivendas protexidas 2004 | Total viv. iniciadas 2004 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Galicia** | | 32.368 | 31.016 | -4,2 | 3.900 | 34.916 |
| **A Coruña** | | 15.656 | 14.746 | -5,8 | 1.788 | 16.534 |
| **Lugo** | | 3.541 | 3.218 | -9,1 | 888 | 4.106 |
| **Ourense** | | 2.367 | 2.423 | 2,4 | 252 | 2.675 |
| **Pontevedra** | | 10.804 | 10.629 | -1,6 | 972 | 11.601 |
| **España** | | 550.465 | 621.257 | 12,9 | 69.769 | 691.026 |
| **Galicia/España** | *(%)* | 5,9 | 5,0 | | 5,6 | 5,1 |

#### Vivendas rematadas

| | | Vivendas libres 2003 | Vivendas libres 2004 | Vivendas libres 03/04 (%) | Vivendas protexidas 2004 | Total viv. protexidas 2004 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Galicia** | | 26.165 | 29.345 | 12,2 | 3.276 | 32.621 |
| **A Coruña** | | 13.231 | 14.036 | 6,1 | 1.498 | 15.534 |
| **Lugo** | | 2.432 | 2.762 | 13,6 | 741 | 3.503 |
| **Ourense** | | 1.766 | 2.512 | 42,2 | 243 | 2.755 |
| **Pontevedra** | | 8.736 | 10.035 | 14,9 | 794 | 10.829 |
| **España** | | 462.730 | 509.293 | 10,1 | 55.510 | 564.803 |
| **Galicia/España** | (%) | 5,7 | 5,8 | | 5,9 | 5,8 |

(1) Inclúe viviendas protexidas de nova construcción suxeitas a distintos reximenes de protección e as vivendas de promoción pública

Fonte: *Ministerio de Vivenda*

CADRO 1.2.33.

### Edificación e vivendas en Galicia e España 2003-04 (1): datos xerais

| | Galicia 2003 | Galicia 2004 | España 2003 | España 2004 |
|---|---|---|---|---|
| **Edificación de nova planta** | | | | |
| **Edificios a construir** | 5.325 | 6.208 | 166.275 | 165.923 |
| **Residencial** | 4.808 | 5.710 | 149.501 | 149.384 |
| **Non residencial** | 517 | 498 | 16.774 | 16.539 |
| | | *(en miles m$^2$)* | | |
| **Superficie a construir** | 5.520 | 6.225 | 96.422 | 97.959 |
| **Residencial** | 4.801 | 5.453 | 79.664 | 81.403 |
| **Non residencial** | 719 | 772 | 16.758 | 16.556 |
| **Vivendas a construir** | 25.586 | 30.030 | 469.327 | 488.440 |
| **Obras de rehabilitación** | | | | |
| **Edificios a rehabilitar** | 1.413 | 1.675 | 28.773 | 29.688 |
| **Vivendas creadas en rehabilitación** | 1.120 | 1.185 | 17.365 | 18.996 |
| **Obras de demolición** | | | | |
| **Edificios a demoler** | 439 | 648 | 16.195 | 16.310 |
| **Vivendas a demoler** | 1.075 | 1.383 | 17.844 | 19.987 |
| **Total vivendas** | 25.631 | 29.832 | 468.848 | 487.449 |

(1) Os datos de 2004 corresponden aos datos acumulados ata o mes de novembro

Fonte: *Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico*

**Visados de dirección de obra en Galicia e España 2003-04: distribición segundo obra nova, obras de ampliación e obras de reforma ou ampliación**

| | Galicia | | | España | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2003 | 2004 | 04/03 | 2003 | 2004 | 04/03 |
| **Obra nova** | | | | | | |
| | | | (%) | | | (%) |
| **Total edificios** | 7.150 | 7.775 | 8,7 | 221.908 | 228.517 | 3,0 |
| Vivendas | 6.630 | 7.315 | 10,3 | 209.087 | 216.462 | 3,5 |
| Servicios comerciais | 179 | 150 | -16,2 | 4.738 | 4.185 | -11,7 |
| Outros | 341 | 310 | -9,1 | 8.083 | 7.870 | -2,6 |
| | | | ($m^2$) | | | |
| **Superficie a construir** | 7.257.572 | 7.128.305 | -1,8 | 126.176.621 | 134.066.168 | 6,3 |
| Vivendas | 5.994.136 | 6.243.533 | 4,2 | 103.879.916 | 113.802.584 | 9,6 |
| Servicios comerciais | 572.085 | 246.396 | -56,9 | 6.889.750 | 6.463.713 | -6,2 |
| Outros | 691.351 | 638.376 | -7,7 | 15.406.955 | 13.799.871 | -10,4 |
| | | | (en miles de €) | | | |
| **Presuposto de execución** | 1.972.007,0 | 1.975.404,0 | 0,2 | 38.798.718,0 | 42.609.754,0 | 9,8 |
| Vivendas | 1.656.501,0 | 1.752.762,0 | 5,8 | 32.195.393,0 | 36.729.823,0 | 14,1 |
| Servicios comerciais | 138.397,0 | 53.734,0 | -61,2 | 1.690.141,0 | 1.341.720,0 | -20,6 |
| Outros | 177.109,0 | 168.908,0 | -4,6 | 4.913.184,0 | 4.538.211,0 | -7,6 |
| **Obras de ampliación** | | | | | | |
| **Total edificios** | 513 | 574 | 11,9 | 9.825 | 10.221 | 4,0 |
| Vivendas | 370 | 435 | 17,6 | 7.249 | 8.151 | 12,4 |
| Outros | 143 | 139 | -2,8 | 2.576 | 2.070 | -19,6 |
| | | | ($m^2$) | | | |
| **Superficie a construir** | 189.169 | 258.225 | 36,5 | 2.887.568 | 2.467.355 | -14,6 |
| Vivendas | 97.321 | 110.727 | 13,8 | 993.232 | 1.157.119 | 16,5 |
| Outros | 91.848 | 147.498 | 60,6 | 1.894.336 | 1.310.236 | -30,8 |
| | | | (en miles de €) | | | |
| **Presuposto de execución** | 53.272,5 | 69.452,7 | 30,4 | 716.519,4 | 809.933,6 | 13,0 |
| Vivendas | 30.471,7 | 33.714,5 | 10,6 | 328.377,5 | 388.141,9 | 18,2 |
| Outros | 22.800,8 | 35.738,2 | 56,7 | 388.141,9 | 421.791,7 | 8,7 |
| **Obras de reforma e/ou restauración** | | | | | | |
| **Total edificios** | 1.032 | 1.335 | 29,4 | 30.888 | 32.923 | 6,6 |
| Vivendas | 707 | 948 | 34,1 | 22.362 | 24.324 | 8,8 |
| Outros | 325 | 387 | 19,1 | 8.526 | 8.599 | 0,9 |
| | | | (en miles de €) | | | |
| **Presuposto de execución** | 110.424,2 | 144.779,6 | 31,1 | 2.241.506,9 | 2.370.168,2 | 5,7 |
| Vivendas | 54.025,1 | 63.441,7 | 17,4 | 1.015.603,0 | 1.175.174,8 | 15,7 |
| Outros | 56.399,1 | 81.337,9 | 44,2 | 1.225.903,9 | 1.194.993,4 | -2,5 |

Fonte: *Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico*

▲ CADRO 1.2.34.

o número total de vivendas creadas en rehabilitación foi de 1.185, e o de vivendas a demoler, a 1.383.

En relación aos visados de dirección de obra nova en 2004, o número de edificios ascendeu a 7.775 (un 8,7% superior á do ano anterior) dos que 7.315 corresponderon a vivendas. A superficie total a construír descende no último ano un 1,8% respecto ao ano anterior, acadando os 7.128,3 miles de metros cadrados dos que 6.243,5 miles de metros cadrados corresponden a vivendas. O presuposto de execución permaneceu practicamente constante, acadou os 1.975,4 millóns de euros (un 0,2% superior á do ano anterior) dos que 1.752,8 millóns de euros corresponderon a vivendas.

Como reflicte o **cadro 1.2.34.**, en 2004 houbo 150 visados de dirección de obra nova en Galicia no caso do servizos comerciais e almacéns, vinte e nove

***Certificacións de fin de obra en Galicia e España 2003-04***

| | Galicia 2003 | Galicia 2004 | España 2003 | España 2004 |
|---|---|---|---|---|
| **Nº de certificados** | 3.781 | 4.386 | 86.018 | 92.764 |
| **Nº de edificios** | 4.696 | 5.363 | 138.754 | 144.669 |
| **Promotor privado** | 4.648 | 5.337 | 137.356 | 143.297 |
| **Persoas físicas e Cominidades de propietarios** | 2.383 | 2.823 | 54.935 | 58.567 |
| **Sociedades mercantís** | 2.204 | 2.391 | 77.249 | 79.445 |
| **Cooperativas** | 7 | 53 | 2.619 | 2.244 |
| **Outros** | 54 | 70 | 2.553 | 3.041 |
| **Administracións públicas** | 48 | 26 | 1.398 | 1.372 |
| **Nº de vivendas** | 22.174 | 23.921 | 459.135 | 496.785 |
| **Promotor privado** | 21.908 | 23.902 | 455.569 | 489.551 |
| **Persoas físicas e Cominidades de propietarios** | 3.649 | 3.894 | 74.328 | 76.933 |
| **Sociedades mercantís** | 17.976 | 19.263 | 364.338 | 391.033 |
| **Cooperativas** | 122 | 602 | 9.963 | 12.842 |
| **Outros** | 161 | 143 | 6.940 | 8.743 |
| **Administracións públicas** | 266 | 19 | 3.566 | 7.234 |
| | | *(en miles de €)* | | |
| **Valor liquidación da execución. Material das obras** | 1.069.714,9 | 1.239.233,2 | 26.693.254,2 | 29.918.213,4 |

Fonte: *Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico*

CADRO 1.2.35. ▲

menos que en 2003, acadando a superficie a construír os 246,4 miles de metros cadrados (un 56,9% menos que no ano anterior). O presuposto de execución destes servizos comerciais reduciuse un 61,2% ata os 53,7 millóns de euros.

O número de visados de dirección de obras de ampliación ascendeu ata os 574 (61 visados máis que en 2003) dos que 435 visados corresponderon a vivendas. A superficie total a construír ascendeu a 258.225 metros cadrados, un 36,5% superior á do ano anterior, e o presuposto de execución a 69.452,7 miles de euros, un 30,4% superior ao do ano anterior.

No concernente aos visados de obras de reformas e/ou restauración, o devandito **cadro 1.2.34.** reflicte que se concederon un total de 1.335 visados, 303 visados máis que no ano precedente. O presuposto de execución experimentou un crecemento do 31,5% respecto ao existente en 2003, acadando un valor de 144.779,6 miles de euros.

O **cadro 1.2.35.** recolle a medra do 16,0% experimentada polo número de certificacións fin de obra en Galicia, acadando os 4.386 certificados, o que representa o 4,7% do número de certificados totais en España. O número total de edificios ascendeu a 5.363 (un 14,2% máis que en 2003), dos que 5.337 corresponden a promotores privados e 26 a administracións públicas. O número de vivendas foi de 23.921 (23.902 corresponden a promotores privados).

## Servizos

Este sector experimentou en 2004 un crecemento do 3,3% como consecuencia da medra do 3,6% nos servizos non comerciais e do 3,2% nos servizos de mercado. En comparación coa evolución seguida no ano anterior, a aceleración no ritmo de crecemento do sector é atribuíble en boa medida á forte recuperación experimentada polos servizos de mercado, que medran dende o 2,1% de 2003 ata o devandito 3,2% do último ano.

Influenciado polo Xacobeo, o sector do turismo foi a actividade económica que tivo un comportamento máis expansivo. En 2004 rexístranse fortes aumentos tanto no número de viaxeiros coma de pernoitas, que se deixaron sentir tanto

na hostalería, como no transporte de pasaxeiros (o transporte aéreo de pasaxeiros medra un 9,8%), nas actividades anexas ao transporte e axencias de viaxes e no comercio polo miúdo.

Atendendo aos datos da *Contabilidad regional de España* (fonte INE), o valor total da **producción do sector servizos** galego en 2004, medida a través do seu valor engadido bruto a prezos básicos (prezos correntes), ascendeu a 25.306,6 millóns de euros, o que representa o 5,0% do total estatal. Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia é a sétima comunidade con maior peso relativo no conxunto do Estado, por detrás de Madrid, Cataluña, Andalucía, a Comunidade Valenciana, País Vasco e Castela e León.

O subsector dos servizos de mercado produciu en Galicia un total de 19.337,4 millóns de euros (o 4,8% da producción española) e o subsector de servizos non comerciais, 5.969,2 millóns de euros, o 5,6% do total estatal.

A importancia relativa da producción das actividades englobadas dentro do sector servizos no VEB total a prezos básicos da economía galega é do 64,2% en 2004 fronte ao 68,4% de media en España. Se considerámo-la desagregación entre os subsectores de servizos non comerciais e de mercado, cómpre salientar que mentres que o primeiro ten un peso superior no VEB galego que no caso da media española (15,1% e 14,4%, respectivamente), o subsector dos servizos de mercado ten maior importancia relativa na economía española que na galega (54,0% e 49,1%, respectivamente).

No que atinxe ao **emprego**, a poboación ocupada no sector servizos medrou no último ano en 19,4 miles de persoas (un 3,2% respecto ao ano precedente), situándose nas 621,5 miles de persoas. O sector acolle o 57,3% das persoas ocupadas en Galicia, un punto porcentual máis que no ano anterior.

As ramas de actividade máis importantes en canto o número total de traballadores son as de "comercio por xunto e polo miúdo", "outros servizos" e a de "administración pública, defensa nacional e seguridade social", que acollen en conxunto a case seis de cada dez ocupados.

O sector servizos acolle o 77,7% das empresas galegas rexistradas a un de xaneiro de 2005. Das 144.316 empresas que realiza actividades englobadas dentro deste sector económico, 55.399 empresas pertencen o subsector do comercio, acollendo o subsector da hostalería 21.716 empresas e o dos transportes, 13.320 empresas. Estas tres ramas de actividade acollen máis do sesenta por cento das empresas do sector (**cadro 1.2.36.**).

**• Comercio**

O número de empresa dedicadas ao comercio por xunto e intermediarios de comercio, agás vehículos de motor e motocicletas (actividade 51 da CNAE-93) ascendeu a 13.712 empresas, o 6,4% das empresas españolas. Como reflicte o **cadro 1.2.36.**, o 45,3% (6.208) das empresas corresponde a empresas sen asalariados e o 28,1 por cento (3.849 empresas) a sociedades con un ou dous asalariados.

O subsector "productos alimenticios, bebidas e tabaco" é o máis importante en Galicia atendendo ao número total de empresas, 3.606 empresas (o 26,3% das empresas maioristas galegas). Asemade, cómpre salientar a importancia relativa do comercio por xunto de materias primas agrarias e de animais vivos, ao acoller Galicia o 10,9% das empresas pertencentes a este subsector en España.

*Empresas do sector servizos en Galicia e España a 1 de xaneiro de 2005: distribución segundo ramas de actividade*

| | Galicia | | | España | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Sen asalairados | 1-2 asalariados | Total | Sen asalairados | 1-2 asalariados |
| **Comercio** | 55.399 | 28.129 | 17.275 | 841.459 | 427.970 | 255.746 |
| Venda, mantemento e reparación vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores | 5.592 | 1.752 | 2.069 | 77.173 | 26.978 | 27.925 |
| C. por xunto e intermediarios do comercio, agás vehículos motor e motocicletas | 13.712 | 6.208 | 3.849 | 213.907 | 97.897 | 57.184 |
| C. polo miúdo, agás comercio vehículos de motor, motocicicletas e ciclomotores | 36.095 | 20.169 | 11.357 | 550.379 | 303.095 | 170.637 |
| **Hostelería** | 21.716 | 10.108 | 7.887 | 283.103 | 123.795 | 94.566 |
| **Transporte** | 13.320 | 7.480 | 3.719 | 228.612 | 139.295 | 55.425 |
| Terrestre; transporte por tuberías | 12.164 | 7.130 | 3.359 | 205.822 | 131.424 | 48.760 |
| Marítimo, de cabotaxe e por vias de navegación interiores | 40 | 13 | 10 | 469 | 135 | 109 |
| Aéreo e espacial | 1 | 1 | - | 198 | 72 | 34 |
| Actividades anexas; actividades de axencias viaxes | 1.115 | 336 | 350 | 22.123 | 7.664 | 6.522 |
| **Correos e telecomunicacións** | 351 | 198 | 64 | 7.664 | 3.586 | 1.666 |
| **Intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións** | 33 | 12 | 6 | 1.510 | 501 | 344 |
| **Seguros e plans de pensións, agás S.S. obrigatoria** | 38 | 12 | 14 | 913 | 208 | 259 |
| **Actividades auxiliares á intermediación financiera** | 3.556 | 2.370 | 963 | 51.226 | 35.606 | 12.005 |
| **Actividades inmobiliarias** | 6.435 | 3.831 | 1.956 | 147.421 | 80.521 | 48.018 |
| **Aluguer maquin. e equipo sen operario, efect. persoais e enseres domésticos** | 1.057 | 523 | 360 | 25.382 | 13.706 | 7.296 |
| **Actividades informaticas** | 1.100 | 637 | 263 | 30.261 | 17.885 | 6.782 |
| **Investigacion e desenvolvemento** | 673 | 581 | 63 | 15.253 | 13.351 | 1.136 |
| **Outras actividades empresariais** | 20.048 | 12.722 | 4.664 | 409.379 | 264.932 | 89.471 |
| **Educación** | 3.314 | 1.505 | 840 | 55.634 | 26.221 | 11.979 |
| **Actividades sanitarias e veterinarias, servizo social** | 6.115 | 3.222 | 2.068 | 114.495 | 67.851 | 30.289 |
| **Actividades de saneamiento público** | 275 | 115 | 70 | 4.703 | 1.779 | 1.219 |
| **Actividades asociativas** | 1.392 | 232 | 688 | 29.004 | 7.917 | 12.632 |
| **Actividades recreativas, culturais e deportivas** | 3.397 | 1.606 | 1.106 | 65.976 | 34.648 | 17.815 |
| **Actividades diversas de servizos persoais** | 6.097 | 2.721 | 2.585 | 90.077 | 43.778 | 34.204 |
| **Total empresas de servizos** | 144.316 | 76.004 | 44.591 | 2.402.072 | 1.303.550 | 680.852 |
| **Total grupos CNAE93** | 185.722 | 91.701 | 56.461 | 3.064.129 | 1.574.166 | 850.367 |

Fonte: *INE, Directorio Central de Empresas*

CADRO 1.2.36. ▲

No que atinxe ao comercio polo miúdo, nos datos do *Índice de vendas do comercio polo miúdo* publicado polo IGE, o índice xeral amosa unha medra do 2,4% respecto ao ano anterior, dúas décimas por riba da taxa de crecemento experimentada en 2003. O índice correspondente aos productos do equipamento do fogar foi o que presentou o incremento máis importante, cun 7,6% respecto ao ano precedente, seguido polos productos de equipamento persoa e de alimentación, cun 2,5% e 2,3%, respectivamente.

No concernente á clasificación dos índices segundo actividade principal das empresas comerciais, **cadro 1.2.37.**, o índice de vendas en establecementos non especializados rexistrou un aumento medio do 4,5% respecto ao ano 2003. Un ano máis, salienta o forte crecemento das vendas no caso das grandes superficies (7,3% respecto a 2003). Pola contra, o índice de vendas no caso do comercio especializado considerado no seu conxunto medrou un 1,1% respecto ao ano anterior, descendendo un 5,8% no caso dos productos da alimentación e un 1,1% no caso do equipamento da persoa.

Segundo os datos do Dirce (INE), a 1 de xaneiro de 2005 o número total de empresas pertencentes ao grupo de actividade de"comercio polo miúdo, agás comercio vehículos motor, motocicletas e ciclomotores" (grupo 52, CNAE 93) ascendeu a 36.095 empresas, 78 empresas máis que no mesmo período do ano anterior. O grupo de actividades de "outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados" é o que acolle o maior número de empresas, con 19.622 empresas (54,4% do total de establecementos de comercio polo miúdo), seguido polo grupo de actividade de "comercio polo miúdo de alimentos, bebidas e tabaco en establecementos especializados", con 6.821 empresas (18,9%).

CADRO 1.2.37.

*Comercio interior 2003-04 (1): Índice de vendas polo miúdo*

| | 2003 | 03/02 (%) | 2004 | 04/03 (%) |
|---|---|---|---|---|
| **Índice xeral** | 123,2 | 2,2 | 126,1 | 2,4 |
| **Clasificación por producto** | | | | |
| **Alimentación** | 125,6 | 4,0 | 128,4 | 2,2 |
| **Equipamento persoa** | 118,8 | 3,1 | 121,7 | 2,4 |
| **Equipamento fogar** | 113,3 | 0,4 | 121,9 | 7,6 |
| **Outros bens de consumo** | 134,7 | 0,8 | 137,0 | 1,7 |
| **Clasificación por actividade** | | | | |
| **Comercio non especializado** | 134,6 | 5,8 | 140,7 | 4,5 |
| **Grandes superficies** | 147,4 | 7,0 | 158,1 | 7,3 |
| **Resto non especializado** | 121,1 | 5,3 | 125,4 | 3,6 |
| **Comercio especializado** | 116,9 | 0,1 | 118,2 | 1,1 |
| **Alimentación** | 127,4 | -1,5 | 120,0 | -5,8 |
| **Equipamento persoa** | 100,2 | -1,9 | 99,1 | -1,1 |
| **Equipamento fogar** | 112,3 | -0,6 | 120,9 | 7,7 |
| **Outros bens de consumo** | 135,9 | 2,6 | 138,3 | 1,8 |

**(1) medias anuais (Base 1998)**
Fonte: *IGE, Indice de vendas do comercio polo miúdo*

## • Turismo

As principais características da demanda e oferta turística galega son o predominio do turismo nacional e o elevado grao de estacionalidade. Dunha banda, dos viaxeiros chegados aos establecementos hoteleiros galegos en 2004, o 84,0% son residentes en España, sendo esta porcentaxe do 58,6% no conxunto do Estado. Doutra, o grao de ocupación hoteleira no mes de agosto en Galicia é do 64,7%, mentres que no mes de xaneiro rexistra unha ocupación de 20,3%. Para o conxunto de España, estas porcentaxes acadan o 73,6% en agosto e o 38,9% no mes de xaneiro.

Antes de analizar os principais indicadores da oferta e demanda turística en Galicia, cómpre facer referencia ao sistema de promoción do turismo, que leva a cabo **Turgalicia**. O seu investimento no exercicio de 2004 foi de 8.592,4 miles de euros, un 32,9% inferior ao investido no ano anterior, dos que 8.017,7 miles de euros corresponden ás actividades de promoción (un 35,6% menos que en 2003). A partida máis importante, pola súa contía coma polo seu incremento, é a de xornadas e presentacións, na que se investiu un total de 2.776,0 miles de euros, 484,2 miles de euros máis que en 2003. Asemade, cómpre salientar o incremento da partida dedicada a congresos, que medra en 154,6 miles de euros.

No que atinxe á **oferta turística**, o **cadro 1.2.39.** amosa os principais datos da oferta en Galicia, e indica unha medra do número de prazas de aloxamento no caso dos hoteis, un 6,0% (2.411 prazas hoteleiras máis que no ano precedente), así como un incremento do 7,5% (375 prazas) nas prazas nos establecementos de turismo rural. No caso do turismo termal, o ano 2004 rexistrou un importante crecemento deste tipo de establecementos. Os 19 balnearios galegos, oito máis que no ano anterior, ofertan un total de 2.560 prazas fronte ás 1.342 prazas do ano anterior. Trala apertura do parador de Santo Estevo, no concello de Nogueira de Ramuín, os 11 paradores galegos tiñan un total de 1.328 prazas, un 13,7% máis que no ano 2003.

Outras ofertas de turismo e ocio de Galicia son a estación de esquí de Manzaneda, as prazas en portos deportivos, os 73 espazos naturais declarados zonas de especial protección dos valores naturais, así como con 6 parques naturais, cunha superficie de 40.661,9 hectáreas, un parque nacional, o das Illas Atlánticas de Galicia (composto polos arquipélagos de Cortegada, Sálvora, Ons e

CADRO 1.2.38.

**Investimentos de Turgalicia 2003-04**

| | 2003 | 2004 | 04/03 |
|---|---|---|---|
| | (en €) | | (%) |
| **Inmovilizado inmaterial** | 106.974,95 | 347.608,34 | 224,9 |
| Estudios e traballos técnicos | 58.351,60 | 52.858,19 | -9,4 |
| Aplicacións informáticas | 48.623,35 | 294.750,15 | 506,2 |
| **Inmovilizado material** | 245.048,24 | 227.135,51 | -7,3 |
| Utillaxe e fotolitos | - | 128,76 | - |
| Instalacións eléctricas | 2.050,78 | 2.117,78 | 3,3 |
| Instalacións para tratamento de fluidos | - | 10.829,17 | - |
| Outras instalacións | 6.595,99 | 19.389,81 | 194,0 |
| Enseres e equipos de oficina | 69.972,95 | 80.477,56 | 15,0 |
| Mobles | 17.045,38 | 6.060,40 | -64,4 |
| Equipo informático | 149.383,14 | 107.784,03 | -27,8 |
| Elementos de transporte interno | - | 348,00 | - |
| **Promoción** | 12.457.663,28 | 8.017.683,99 | -35,6 |
| Edicións | 1.335.040,62 | 1.323.749,04 | -0,8 |
| Campañas publicitarias | 4.647.554,40 | 1.665.542,33 | -64,2 |
| Convenios e patrocinios | 1.990.593,54 | 32.545,12 | -98,4 |
| Feiras | 1.304.490,47 | 1.354.849,78 | 3,9 |
| Congresos | 1.249,79 | 155.883,37 | 12.372,8 |
| Xornadas e presentacións | 2.291.769,28 | 2.776.002,85 | 21,1 |
| Viaxes de familiarización | 194.643,50 | 121.538,30 | -37,6 |
| Colaboracións | 120.524,03 | 183.444,50 | 52,2 |
| Axudas para formación | 37.088,68 | 27.750,53 | -25,2 |
| Outras accións de promoción | 534.708,97 | 376.378,17 | -29,6 |
| **Total** | 12.809.686,47 | 8.592.427,84 | -32,9 |

Fonte: *Turgalicia*

CADRO 1.2.39.

**Oferta turística 2003-04: distribución segundo tipo de establecemento**

| | 2003 | | | 2004 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | número | habitacións | prazas | número | habitacións | prazas |
| **Hoteis** | 582 | 22.263 | 39.909 | 628 | 23.534 | 42.320 |
| **Hostais e pensións** | 739 | 10.513 | 18.095 | 758 | 10.283 | 17.865 |
| **Casas de hóspedes e fondas** | 866 | 6.435 | 10.898 | 642 | 4.959 | 8.403 |
| **Hoteis apartamento** | - | - | - | 3 | 305 | 666 |
| **Campings** | 112 | - | 33.314 | 113 | - | 34.721 |
| **Apartamentos** | - | - | - | 60 | 706 | 2.553 |
| **Establecementos de turismo rural** | 444 | 2.554 | 5.017 | 471 | 2.745 | 5.392 |
| **Cidade de vacacións** | 4 | 436 | 937 | - | - | - |
| **Paradores** | 10 | 598 | 1.168 | 11 | 677 | 1.328 |
| **Balnearios** | 11 | 714 | 1.342 | 19 | 1.324 | 2.560 |
| | número | | prazas | número | | prazas |
| **Restaurantes** | 5.108 | | 313.056 | 5.070 | | 315.544 |
| **Cafeterías** | 1.521 | | 94.007 | 1.498 | | 92.987 |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da *Dirección Xeral de Turismo*

Cíes, cunha superficie de 8,495,8 hectáreas), 5 monumentos naturais, cunha superficie total de 304,4 hectáreas, e 5 humidais protexidos, cunha superficie de 7.749,04 hectáreas, e un riquísimo patrimonio histórico cultural que axudan a defini-la oferta turística galega.

O turismo en Galicia, ao igual que en España, caracterízase por unha forte estacionalidade. O grao de ocupación hoteleira ponderado por praza en Galicia, tralo descenso dos anos anteriores, rexistrou unha medra de case cinco puntos porcentuais, acadando unha media de 37,90% (un 53,58% de media en España). O grado de ocupación por prazas en fin de semana situouse en 42,22%, case seis puntos e medio por riba da ocupación media total (58,90% no conxunto do Estado). En Galicia, o grao de ocupación máximo rexistrouse no mes de agosto

cun 64,7%, e o mínimo en xaneiro, cun 20,3%, namentres que no conxunto do Estado, a ocupación máxima e mínima foi do 73,6% e 38,9%. Cómpre salientar que, a diferencia do acontecido no conxunto de España, no último ano amplíase a distancia entre máximos e mínimos (44,4 puntos porcentuais en 2004 fronte aos 34,7 puntos en 2003).

Tendo en conta a porcentaxe de establecementos hoteleiros conectados a internet, ao longo do último ano continuou o proceso de modernización dos hoteis galegos. En 2004, o 29,21% dos establecementos declarou dispor de conexión a internet, cifra superior en 3,4 puntos á observada en 2003. Non obstante, este ritmo de crecemento é inferior á media estatal, que tras unha mellora de máis de cinco puntos, acada o 46,02%.

Coincidindo coa celebración do Xacobeo, o **número de viaxeiros** chegados aos establecementos hoteleiros galegos rexistrou unha forte medra no último ano, acadando os 3.683.725 viaxeiros (632.338 viaxeiros máis que no ano anterior), o que representa o 5,5% dos viaxeiros no conxunto do Estado. O **cadro 1.2.41.** amosa como unha das características do turismo galego o elevado peso relativo dos viaxeiros residentes en España, xa que 84 de cada cen viaxeiros son residentes en España, fronte aos 50 de cada cen no conxunto do Estado.

Atendendo á distribución provincial, A Coruña e Pontevedra acollen o 80,0% dos viaxeiros chegados a Galicia (1,1 puntos máis que en 2003), sendo esta porcentaxe do 87,1% no caso dos viaxeiros residentes no estranxeiro. Comparado cos datos do ano anterior, cómpre salientar que, a diferencia do acontecido nese ano, as catro provincias galegas presentan unha medra do número de viaxeiros, tanto residentes coma non residentes, sendo A Coruña a que rexistra o maior incremento, con 343.261 persoas máis, seguido Pontevedra, con 195.612 viaxeiros máis.

Ao igual que no caso dos viaxeiros chegados a estes establecementos, ao longo do ano 2004 as pernoitas experimentaron unha medra superior ao 20% respecto os datos do ano precedente, acadando unha cifra de 7,9 millóns. Esta medra supera en máis de 18 puntos tanto á taxa de variación do ano anterior como á medra media no conxunto do Estado.

A estadía media nos establecementos hoteleiros galegos permaneceu practicamente constante nos 2,1 días (no conxunto do Estado esta descende unha décima, ata os 3,5 días). En Galicia, tanto no caso dos viaxeiros residentes en España como no dos estranxeiros, a estadía media mantense constante nos 2,2 e 1,9 días, respectivamente. A media española é de 2,6 días no caso dos viaxeiros residentes en España e de 4,9 días no caso dos estranxeiros (2,6 e 5,0 días no ano anterior).

O crecemento medio dos prezos hoteleiros ao longo do exercicio 2004 foi en Galicia de 3,2%, máis do dobre da media estatal (1,5% respecto a 2003). Os ingresos por habitación ocupada incrementáronse un 7,1% en Galicia, sendo esta medra do 3,5% no conxunto do Estado.

No concernente aos indicadores de demanda dos establecementos de **turismo rural**, o número de viaxeiros aloxados nestes establecementos acadou os 164.024 viaxeiros, un 28,7% máis que en 2003, sendo o número de pernoitas de 344.839, un 22,6% superior ao rexistrado no ano anterior. Comparado co total estatal, Galicia acolle o 9,3% dos viaxeiros e o 6,3% das pernoitas.

CADRO 1.2.40.

### *Graos de ocupación por praza e estadía media en establecementos hoteleiros 2002-04*

| | Grao de ocupación | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Galicia | | | España | | |
| | Total | Valor máximo | Valor mínimo | Total | Valor máximo | Valor mínimo |
| **2002** | 34,5 | 65,6 | 23,3 | 55,3 | 75,1 | 44,7 |
| **2003** | 32,9 | 60,7 | 20,9 | 54,5 | 74,3 | 39,3 |
| **2004** | 37,9 | 64,7 | 20,3 | 53,6 | 73,6 | 38,9 |

| | Estadía media | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Galicia | | | España | | |
| | Total | Españois | Estranxeiros | Total | Españois | Estranxeiros |
| **2002** | 2,4 | 2,5 | 2,0 | 3,7 | 2,6 | 5,1 |
| **2003** | 2,1 | 2,2 | 1,9 | 3,7 | 2,6 | 5,0 |
| **2004** | | | | 3,5 | | |

Fonte: *INE, Encuesta de ocupación hotelera*

CADRO 1.2.41.

### *Viaxeiros, pernoctacións e estadía media en establecementos hoteleiros 2003-04*

***2004*** (1)

| | Viaxeiros | | | Pernoctacións | | | Estadía media |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Residentes en España | Residentes no estranxeiro | Total | Residentes en España | Residentes no estranxeiro | |
| **Galicia** (2) | 3.683.725 | 3.095.463 | 588.262 | 7.890.889 | 6.748.745 | 1.142.144 | 2,14 |
| **A Coruña** | 1.666.760 | 1.346.803 | 319.957 | 3.331.608 | 2.727.320 | 604.288 | 2,00 |
| **Lugo** | 453.242 | 399.868 | 53.374 | 744.408 | 671.953 | 72.455 | 1,64 |
| **Ourense** | 284.570 | 261.998 | 22.572 | 531.613 | 475.575 | 56.038 | 1,87 |
| **Pontevedra** | 1.279.153 | 1.086.794 | 192.359 | 3.283.260 | 2.873.897 | 409.363 | 2,57 |
| **España** | 66.772.792 | 39.142.858 | 27.629.934 | 234.919.282 | 99.878.034 | 135.041.248 | 3,52 |

***2003***

| | Viaxeiros | | | Pernoctacións | | | Estadía media |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Residentes en España | Residentes no estranxeiro | Total | Residentes en España | Residentes no estranxeiro | |
| **Galicia** | 3.051.382 | 2.519.484 | 531.898 | 6.480.298 | 5.481.059 | 999.239 | 2,12 |
| **A Coruña** | 1.323.499 | 1.016.812 | 306.687 | 2.661.587 | 2.119.270 | 542.317 | 2,01 |
| **Lugo** | 386.701 | 349.668 | 37.033 | 629.650 | 578.546 | 51.104 | 1,63 |
| **Ourense** | 257.641 | 238.644 | 18.997 | 476.953 | 430.021 | 46.932 | 1,85 |
| **Pontevedra** | 1.083.541 | 914.360 | 169.181 | 2.712.108 | 2.353.222 | 358.886 | 2,50 |
| **España** | 62.531.379 | 35.282.770 | 27.248.609 | 228.160.906 | 91.295.421 | 136.865.485 | 3,65 |

(1) datos provisionais
(2) Información procedente do declarativo sobre totais de entradas de viaxeiros e pernoctacións do mes

Fonte: *INE, Encuesta de ocupación hotelera*

CADRO 1.2.42.

### *Establecementos de turismo rural en Galicia 2004. Número de viaxeiros e pernoiras, grao de ocupación e estadía media* (1)

| | Viaxeiros | | Pernoitas | | Grao de ocupación por praza | | Estadía media |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | media | fin de semana | |
| | | *(%)* | | *(%)* | *(%)* | | *(en días)* |
| **A Coruña** | 52.597 | 32,1 | 117.384 | 34,2 | 24,7 | 36,1 | 2,23 |
| **Lugo** | 50.414 | 30,8 | 87.090 | 25,3 | 16,8 | 26,6 | 1,73 |
| **Ourense** | 26.355 | 16,1 | 48.756 | 14,2 | 17,1 | 29,3 | 1,85 |
| **Pontevedra** | 34.424 | 21,0 | 90.458 | 26,3 | 15,5 | 23,1 | 2,63 |
| **Total** | 163.790 | 100 | 343.688 | 100 | 18,5 | 28,3 | 2,10 |

(1) media anual

Fonte: *IGE, Estatística de ocupación no turismo rural*

*Transporte de mercadorías e pasaxeiros 2003-04: datos xerais*

| | | Mercadorías | | | | Pasaxeiros | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 2003 | 2004 | 04/03 (%) | | 2003 | 2004 | 04/03 (%) |
| **Estrada** (1) | *(en miles de Tm.)* | 83.115 | 92.113 | 10,8 | *(en miles de persoas)* | 57.784 | 58.128 | 0,6 |
| **Ferrocarril** (2) | *(en Tm.)* | 3.759.889 | 4.076.508 | 8,4 | *(en persoas)* | 5.638.152 | 5.893.851 | 4,5 |
| **Marítimo** (3) | | 28.589.696 | 30.683.638 | 7,3 | | 121.161 | 141.133 | 16,5 |
| **Marítimo** (4) | | | 1.720.297 | | | | | |
| **Aéreo** (5) | | 6.994.915 | 6.507.526 | -7,0 | | 2.721.407 | 2.987.910 | 9,8 |

(1) Os datos de transporte de pasaxeiros por estrada refírense unicamente ó transporte urbano en autobús
(2) sumados orixe e destino
(3) tráfico nos portos do Estado
(4) tráfico nos portos de Portos Galicia.
(5) No caso dos pasaxeiros non se inclúen pasaxeiros en tránsito directo internacional nin Outras Clases de Tráfico (OTC), e no caso das mercadorías, non se inclúen as mercadorías en OTC
Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do *INE, Puertos del Estado, Portos Galicia, Renfe e AENA*

▲ CADRO 1.2.43.

As provincias de A Coruña e Lugo son as que acollen o maior número de viaxeiros, con 52.597 e 50.414 viaxeiros, en tanto que no caso das pernoitas, salienta A Coruña, con 117.384 pernoitas, superando a Pontevedra e Lugo, con 90.458 e 87.090 pernoitas, respectivamente. A estadía media nos establecementos galegos en 2004 foi, segundo os datos do IGE, de 2,10 días, rexistrándose as estadías medias máis elevadas nos establecementos de Pontevedra e A Coruña, con 2,63 días e 2,23 días, respectivamente.

Atendendo á procedencia dos viaxeiros entrados nos establecementos de turismo rural, cómpre salientar que catro de cada dez viaxeiros son galegos, e que dous de cada dez son madrileños. Noventa e dous de cada cen persoas que se aloxaron nestes establecementos en 2004 son residentes en España.

O grao de ocupación por praza ascendeu no ano 2004 en Galicia a 18,5%, sendo esta porcentaxe case dez puntos superior no fin de semana (28,3% de media en Galicia). Os establecementos da provincia de A Coruña son os que presentan os graos de ocupación máis elevados, co 24,7% e 36,1%, respectivamente, seguido polos de Ourense, cunha media anual do 17,1% e do 29,3% nos fins de semana.

### • Transporte

Unha primeira aproximación ao estudio dos transportes está recollida no **cadro 1.2.43.**, onde se resumen os datos do transporte de mercadorías e viaxeiros nas diferentes modalidades de transporte. O transporte por estrada é o máis importante á hora de falar tanto do tráfico de pasaxeiros como no de mercadorías. Séguenlle en importancia o ferrocarril, no que ao tráfico de pasaxeiros se refire, e o marítimo, no caso das mercadorías.

A venda total de combustibles líquidos volve a descender en 2004, acadando un total de 3.104,2 miles de toneladas, un 6,0% menos que en 2003. Coma no ano anterior, esta caída prodúcese tanto pola caída das vendas de gasolinas, que presentan un descenso do 1,7%, como dos outros combustibles, cunha caída do 27,6%. Pola contra, as vendas de gasóleo rexistran no último ano unha medra do 0,5% respecto ás vendas de 2003.

Ao longo do ano 2004 volve a medrar o número de vehículos matriculados, acadando os 97.144 vehículos, 9.145 máis (un 10,4%) que os matriculados no ano anterior. Este incremento prodúcese nos diferentes tipos de vehículos, sendo o máis acusado en termos relativos o experimentado no caso das motocicletas, cunha medra do 64,7% (1.707 motocicletas máis). En termos absolutos, o aumen-

CADRO 1.2.44.

***Transporte urbano: viaxeiros transportados en autobús nas CC.AA. 2003-04*** (1)

| | 2003 | 2004 | 04/03 |
|---|---|---|---|
| | *(en miles de persoas)* | | *(%)* |
| **Andalucía** | 238.713 | 240.086 | 0,6 |
| **Aragón** | 111.302 | 114.086 | 2,5 |
| **Asturias** | 35.030 | 33.237 | -5,1 |
| **Canarias** | 55.628 | 54.743 | -1,6 |
| **Castela e León** | 69.217 | 69.094 | -0,2 |
| **Castela - A Mancha** | 17.292 | 17.557 | 1,5 |
| **Cataluña** | 290.702 | 290.665 | 0,0 |
| **C. Valenciana** | 137.903 | 137.726 | -0,1 |
| **Estremadura** | 13.983 | 13.929 | -0,4 |
| **Galicia** | 57.526 | 58.128 | 1,0 |
| **Madrid** | 494.197 | 497.068 | 0,6 |
| **Murcia** | 24.092 | 25.393 | |
| **País Vasco** | 64.974 | 67.106 | 3,3 |
| **Outras** | 87.273 | 89.257 | 2,3 |
| **Total** | 1.697.832 | 1.708.075 | 0,6 |

**(1) datos provisionais**
Fonte: *INE, Estadística de transporte de viajeros*

to de matriculacións máis acusado prodúcese no caso dos turismos, con 6.568 vehículos máis que en 2003 (9,0%).

No caso do **transporte urbano**, o número de viaxeiros transportados en autobús rexistrou un incremento do 1,0% en relación ao ano 2003, acadando os 58.128 miles de viaxeiros en 2004. Comparado co total estatal, estes viaxeiros representan o 3,4% do total de viaxeiros transportados en autobús.

No concernente ao **transporte de mercadorías por estrada**, o **cadro 1.2.45.** reflicte que ao longo do ano 2004 o número de toneladas transportadas en Galicia medrou un 10,8%, sendo este incremento case dous puntos inferior ao rexistrado no conxunto do Estado. O volume total de mercadorías transportadas ascendeu a 92.113 miles de toneladas (o 6,9% do total estatal), o que a converte na oitava comunidade en canto a volume de mercadorías transportadas se refire, por detrás de Cataluña, Andalucía, C. Valenciana, Castela e León, Madrid Castela A Mancha e País Vasco.

O devandito cadro amosa a que en Galicia a importancia relativa do comercio interrexional no tráfico total galego en 2004 foi do 22,9%, sendo en España esa porcentaxe do 22,8% no mesmo período de tempo.

O número de viaxeiros con orixe e destino nas estacións galegas de **ferrocarril** en 2004 ascendeu ata as 5.893,9 miles de persoas, un 4,5% superior ao rexistrado no ano anterior. No último ano medrou tanto o número de persoas que saíron e chegaron ás estacións galegas, subindo ao tren en Galicia un total de 2.957,6 miles de persoas (un 4,6% máis que en 2003) e baixaron 2.936,3 miles de persoas (un 4,4% menos). O tráfico de pasaxeiros con destino e orixe en Galicia medrou nas catro provincias galegas, sendo os incrementos rexistrados en Lugo os máis acusados, cun 5,5% de pasaxeiros máis, e de A Coruña e Pontevedra, cunha medra do 4,9%.

Pola banda dos transportes de mercadorías, **cadro 1.2.46.**, en 2004 creceu o volume total de mercadorías transportadas un 8,4% respecto ao ano anterior. Das 4.076,5 miles de toneladas transportadas, o 57,1% tivo o seu destino Galicia (un 6,2% máis que no ano anterior) en tanto que o 42,9% restante tivo a súa

***Transporte interior por estrada 2003-04: mercadorías cargadas e descargadas nas CC.AA***

| | 2003 | 2004 | 04/03 |
|---|---|---|---|
| | *(en miles de Tm.)* | | *(%)* |
| **Andalucía** | | | |
| **total** | 196.597 | 238.848 | 21,5 |
| **%interrexional** | 20,6 | 19,1 | |
| **Aragón** | | | |
| **total** | 67.853 | 67.577 | -0,4 |
| **%interrexional** | 51,5 | 60,1 | |
| **Asturias** | | | |
| **total** | 38.200 | 47.480 | 24,3 |
| **%interrexional** | 40,9 | 34,8 | |
| **Baleares** | | | |
| **total** | 17.218 | 15.660 | -9,0 |
| **%interrexional** | - | - | |
| **Canarias** | | | |
| **total** | 20.537 | 25.178 | 22,6 |
| **%interrexional** | - | - | |
| **Cantabria** | | | |
| **total** | 32.212 | 31.374 | -2,6 |
| **%interrexional** | 43,0 | 49,2 | |
| **Castela A Mancha** | | | |
| **total** | 96.580 | 114.346 | 18,4 |
| **%interrexional** | 57,2 | 55,9 | |
| **Castela e León** | | | |
| **total** | 129.203 | 141.146 | 9,2 |
| **%interrexional** | 40,4 | 42,5 | |
| **Cataluña** | | | |
| **total** | 235.146 | 260.021 | 10,6 |
| **%interrexional** | 24,9 | 24,4 | |
| **Com. Valenciana** | | | |
| **total** | 194.847 | 223.819 | 14,9 |
| **%interrexional** | 33,4 | 32,7 | |
| **Extremadura** | | | |
| **total** | 26.261 | 27.641 | 5,3 |
| **%interrexional** | 44,6 | 45,1 | |
| **Galicia** | | | |
| **total** | 83.115 | 92.113 | 10,8 |
| **%interrexional** | 26,5 | 22,9 | |
| **Madrid** | | | |
| **total** | 118.817 | 138.679 | 16,7 |
| **%interrexional** | 54,6 | 55,7 | |
| **Murcia** | | | |
| **total** | 56.516 | 65.469 | 15,8 |
| **%interrexional** | 55,3 | 56,2 | |
| **Navarra** | | | |
| **total** | 38.968 | 39.734 | 2,0 |
| **%interrexional** | 55,4 | 57,9 | |
| **País Vasco** | | | |
| **total** | 89.184 | 97.977 | 9,9 |
| **%interrexional** | 47,7 | 49,4 | |
| **A Rioxa** | | | |
| **total** | 17.954 | 17.303 | -3,6 |
| **%interrexional** | 65,1 | 66,7 | |
| **Total** | | | |
| **total** | 1.187.819 | 1.338.873 | 12,7 |
| **%interrexional** | 22,8 | 22,8 | |

Fonte: *Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico*

CADRO 1.2.45.

CADRO 1.2.46.

***Tráfico ferroviario de viaxeiros e mercadorías 2003-04***

| | Orixe | | | | Destino | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2003 | | 2004 | | 2003 | | 2004 | |
| | Viaxeiros | Mercadorías *(en Tm.)* | Viaxeiros | Mercadorías *(en Tm.)* | Viaxeiros | Mercadorías *(en Tm.)* | Viaxeiros | Mercadorías *(en Tm.)* |
| **A Coruña** | 1.304.633 | 808.473 | 1.371.765 | 1.012.338 | 1.274.405 | 1.152.158 | 1.333.853 | 1.345.626 |
| **Lugo** | 86.550 | 158.667 | 87.578 | 111.669 | 91.729 | 39.276 | 100.441 | 18.120 |
| **Ourense** | 281.223 | 11.253 | 286.135 | 96.338 | 279.245 | 372.952 | 280.924 | 326.005 |
| **Pontevedra** | 1.153.999 | 589.484 | 1.212.081 | 527.274 | 1.166.368 | 627.626 | 1.221.074 | 639.138 |
| **Total** | 2.826.405 | 1.567.877 | 2.957.559 | 1.747.619 | 2.811.747 | 2.192.012 | 2.936.292 | 2.328.889 |

Fonte: *Renfe*

***Tráfico de pasaxeiros e mercadorías nos portos de interese xeral 2003-04***

| | Pasaxeiros | | | Mercadorías | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2003 | 2004 | 04/03 | 2003 | 2004 | 04/03 |
| | | | *(%)* | *(en Tm.)* | | *(%)* |
| **Ferrol-San Cibrao** | - | - | - | 8.889.583 | 9.904.982 | 11,4 |
| **A Coruña** | 42.644 | 43.402 | 1,8 | 12.356.601 | 13.283.093 | 7,5 |
| **Marín-Pontevedra** | - | - | | 1.762.610 | 1.685.686 | -4,4 |
| **Vigo** | 71.712 | 93.503 | 30,4 | 4.411.861 | 4.675.673 | 6,0 |
| **Vilagarcía** | 6.805 | 4.228 | -37,9 | 1.169.041 | 1.134.204 | -3,0 |
| **Total** | 121.161 | 141.133 | 16,5 | 28.589.696 | 30.683.638 | 7,3 |
| **Total Portos do Estado** | 20.077.039 | 22.252.638 | 10,8 | 379.418.572 | 410.171.242 | 8,1 |
| **G/E** *(%)* | 0,6 | 0,6 | | 7,5 | 7,5 | |

Fonte: *Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico*

***Tráfico de mercadorías nos portos de interese xeral 2002-03***

| | Graneis líquidos | | Graneis sólidos | | Mercadoría xeral | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2003 | 2004 | 2003 | 2004 | 2003 | 2004 |
| | | | *(en Tm.)* | | | |
| **Ferrol-San Cibrao** | 893.440 | 819.147 | 7.595.784 | 8.609.034 | 375.559 | 456.247 |
| **A Coruña** | 7.385.777 | 7.306.815 | 3.627.163 | 4.444.728 | 724.594 | 857.109 |
| **Marín-Pontevedra** | 393 | 576 | 779.161 | 819.560 | 882.898 | 788.300 |
| **Vigo** | 56.604 | 88.803 | 757.470 | 681.353 | 3.148.802 | 3.435.946 |
| **Vilagarcía** | 438.895 | 292.808 | 444.197 | 592.002 | 276.314 | 238.829 |
| **Total** | 8.775.109 | 8.508.149 | 13.203.775 | 15.146.677 | 5.408.167 | 5.776.431 |
| **Total Portos do Estado** | 130.445.484 | 138.640.639 | 98.218.119 | 104.877.941 | 138.575.449 | 153.452.766 |
| **G/E** *(%)* | 6,7 | 6,1 | 13,4 | 14,4 | 3,9 | 3,8 |

| | Pesca fresca | | Tráfico local e Avituallamento | | Total | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2003 | 2004 | 2003 | 2004 | 2003 | 2004 |
| | | | *(en Tm.)* | | | |
| **Ferrol-San Cibrao** | 104 | 210 | 24.696 | 20.344 | 8.889.583 | 9.904.982 |
| **A Coruña** | 24.308 | 23.032 | 594.759 | 651.409 | 12.356.601 | 13.283.093 |
| **Marín-Pontevedra** | 6.013 | 6.693 | 94.145 | 70.557 | 1.762.610 | 1.685.686 |
| **Vigo** | 88.089 | 85.735 | 360.896 | 383.836 | 4.411.861 | 4.675.673 |
| **Vilagarcía** | - | - | 9.635 | 10.565 | 1.169.041 | 1.134.204 |
| **Total** | 118.514 | 115.670 | 1.084.131 | 1.136.711 | 28.589.696 | 30.683.638 |
| **Total Portos do Estado** | 240.942 | 225.326 | 11.938.578 | 12.974.570 | 379.418.572 | 410.171.242 |
| **G/E** *(%)* | 49,2 | 51,3 | 9,1 | 8,8 | 7,5 | 7,5 |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de *Puertos del Estado* e das *Autoridades Portuarias*

CADRO 1.2.47.
CADRO 1.2.48.

orixe en Galicia (un 11,5% superior ao volume transportado en 2003). Fronte á medra do tráfico de mercadorías en A Coruña e Ourense (20,3% e 9,9%, respectivamente), este volve a descender máis dun trinta por cento en Lugo (34,4%), sendo a caída en Pontevedra do 4,2%. A Coruña é a que presenta o maior volume de transporte de mercadorías, ao acoller o 57,8% do volume total tráfico ferroviario, sendo esta porcentaxe do 28,6% en Pontevedra.

No concernente ao **transporte marítimo**, o tráfico de pasaxeiros nos portos galegos de interese xeral experimentou unha medra similar á do ano anterior, cun incremento superior ao dezaseis por cento. En termos absolutos, o volume total de pasaxeiros ascendeu a 141.133 persoas en 2004 (o 0,6% do total estatal), dos que o porto de Vigo absorbeu o 66,3% do total dos pasaxeiros (93.503 persoas), e o de A Coruña un 30,8% (43.402 pasaxeiros). Comparado co ano anterior,

CADRO 1.2.49.

### Movemento de mercadorías descargadas e cargadas 2004

| | Exterior | | | | Cabotaxe | | | | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Desembarque | Embarque | Outros | Total | Desembarque | Embarque | Outros | Total | |
| | | (en Tm.) | | | | (en Tm.) | | | (en Tm.) |
| **A Pobra** | 100.716 | 2.511 | 721 | 103.948 | - | - | - | - | 103.948 |
| **Burela** | 1.657 | 15.693 | - | 17.350 | 347 | - | - | 347 | 17.697 |
| **Cariño** | - | 605.487 | - | 605.487 | 38 | 223.485 | - | 223.523 | 829.010 |
| **Cee** | 82.536 | 79.407 | - | 161.943 | 11.107 | 8.800 | - | 19.907 | 181.850 |
| **Laxe** | 330 | - | - | 330 | - | - | - | - | 330 |
| **Ribadeo** | 58.638 | 285.525 | 377 | 344.540 | 677 | 58.135 | 3.667 | 62.479 | 407.019 |
| **Ribeira** | 78.936 | 1.104 | 2.590 | 82.630 | 3.924 | - | - | 3.924 | 86.554 |
| **Sada-Fontán** | 12.930 | - | - | 12.930 | - | - | - | - | 12.930 |
| **Viveiro-Celeiro** | - | 71.528 | - | 71.528 | 11 | 9.420 | - | 9.431 | 80.959 |
| **Total** | 335.743 | 1.061.255 | 3.688 | 1.400.686 | 16.104 | 299.840 | 3.667 | 319.611 | 1.720.297 |

Fonte: *Portos de Galicia*

o número de viaxeiros medrou nos portos de A Coruña e especialmente no de Vigo (un 1,8% e 30,4% máis, respectivamente), descendendo un 37,9% no caso do porto de Vilagarcía.

Respecto aos movementos de mercadorías nestes portos, ao contrario do sucedido no ano anterior, o **cadro 1.2.47.** amosa unha medra do 7,3% respecto ao ano 2003. O tráfico portuario total nos portos de interese xeral ascendeu a 30.683,7 miles de toneladas (o 7,5% do total estatal), sendo o de A Coruña o de maior movemento, ao acoller o 43,3% do tráfico total de mercadorías (13.283,1 miles de toneladas). Comparado co ano anterior, os incrementos rexistráronse nos portos de Ferrol-San Cibrao, cun 11,4% máis que en 2003, A Coruña, cun 7,5%, e Vigo, cun 6,0% respecto aos datos do ano precedente. Pola contra, os portos de Marín-Pontevedra e Vilagarcía rexistraron unha caída no seu volume total de mercadorías do 4,4% e 3,0%, respectivamente.

O movemento de mercadorías máis importante, en termos absolutos, corresponde aos graneis sólidos, con 15.146,7 miles de toneladas, das que o porto de Ferrol-San Cibrao move o 56,8% (8.609,0 miles de toneladas) e o porto de A Coruña un 29,3% (4.444,7 miles de toneladas). Salienta tamén o movemento de graneis líquidos, con 8.508,1 miles de toneladas, das que 7.306,8 miles (85,9%) corresponden ao porto de A Coruña.

Asemade, hai que salientar a elevada importancia relativa do tráfico de pesca fresca no total estatal. Os portos galegos de interese xeral moven o 51,3% do tráfico portuario de pesca fresca no ano 2004, sendo o porto de Vigo o máis importante ao acoller case as tres cuartas partes do total de Galicia (85.735 toneladas) e case un 40% do total dos portos de interese xeral de España.

Nos portos pertencentes a Portos de Galicia, o tráfico total de mercadorías cargadas e descargadas no ano 2004 ascendeu a 1.720,3 miles de toneladas, das que 1.400,7 corresponden aos movementos exteriores e 319,6 miles de toneladas, a movementos de cabotaxe.

O **cadro 1.2.49.** amosa a desagregación deste movemento de mercadorías segundo o porto onde se realiza a carga e descarga. En 2004 o porto de Cariño foi o que presentou o maior movemento de mercadorías cargadas e descargadas, con 829.010 toneladas, seguido do porto de Ribadeo, con 407.019 toneladas. Entre ámbolos dous portos acollen o 71,8% do volume total de mercadorías.

No que atinxe ao **transporte aéreo**, ao longo do ano 2004 o número de aeronaves nos aeroportos galegos (sen considerar as aeronaves militares, de Estado, privadas e traballos aéreos) medrou un 17,0% respecto ao ano precedente, acadando as 38.498 operacións. O **cadro 1.2.50.** amosa que a metade das operacións en Galicia realízanse no aeroporto de Santiago (19.211 aeronaves), fronte as tres de cada dez en Vigo (11.523 aeronaves) e dous de cada dez en A Coruña (7.764 aeronaves). A diferencia do ano anterior, o devandito incremento rexistrouse nos tres aeroportos galegos, sendo o de Santiago o que experimentou a maior medra, con case un vinte por cento máis, seguido do aeroporto de Vigo, cun 17,4% máis que en 2003, e o de A Coruña, cunha medra inferior ao dez por cento.

O número de pasaxeiros nos aeroportos galegos ascendeu a 2.987.910 persoas, un 9,8% superior ao rexistrado en 2003. Esta medra experimentouse nos tres aeroportos, sendo do 11,5% no aeroporto de Santiago, e do 8,7% e 7,1% en Vigo e A Coruña, respectivamente. O aeroporto de Santiago é o que acolle o maior número de viaxeiros, con 1.505.801 pasaxeiros (o 50,4% do total de Galicia),

**Tráfico aéreo 2003-04: operacións, pasaxeiros e mercadorías** (1)

*operacións*

| | 2003 | 2004 Total | 2004 Interior | 2004 Internacional | 04/03 |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | (%) |
| A Coruña | 7.084 | 7.764 | 6.222 | 1.542 | 9,6 |
| Santiago | 16.018 | 19.211 | 15.673 | 3.538 | 19,9 |
| Vigo | 9.812 | 11.523 | 9.627 | 1.896 | 17,4 |
| Total | 32.914 | 38.498 | 31.522 | 6.976 | 17,0 |
| Total España | 1.630.315 | 1.634.533 | 911.256 | 723.277 | 0,3 |
| G/E (%) | 2,0 | 2,4 | 3,5 | 1,0 | |

*pasaxeiros*

| | 2003 | 2004 Total | 2004 Interior | 2004 Internacional | 04/03 |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | (%) |
| A Coruña | 535.165 | 572.971 | 559.687 | 13.284 | 7,1 |
| Santiago | 1.350.080 | 1.505.801 | 1.385.904 | 119.897 | 11,5 |
| Vigo | 836.162 | 909.138 | 851.996 | 57.142 | 8,7 |
| Total | 2.721.407 | 2.987.910 | 2.797.587 | 190.323 | 9,8 |
| Total España | 151.975.503 | 152.773.272 | 68.496.888 | 84.276.384 | 0,5 |
| G/E (%) | 1,8 | 2,0 | 4,1 | 0,2 | |

*mercadorías*

| | 2003 | 2004 Total | 2004 Interior | 2004 Internacional | 04/03 |
|---|---|---|---|---|---|
| | | (en Tm.) | | | (%) |
| A Coruña | 541.944 | 539.184 | 539.180 | 4 | -0,5 |
| Santiago | 5.318.564 | 4.938.613 | 2.266.264 | 2.672.349 | -7,1 |
| Vigo | 1.134.407 | 1.029.729 | 1.010.608 | 19.121 | -9,2 |
| Total | 6.994.915 | 6.507.526 | 3.816.052 | 2.691.474 | -7,0 |
| Total España | 580.725.449 | 630.699.203 | 241.836.300 | 388.862.903 | 8,6 |
| G/E (%) | 1,2 | 1,0 | 1,6 | 0,7 | |

(1) Non se inclúen Outras Clases de Tráfico (militares, de estado, privados e traballos aéreos)

Fonte: *AENA*

CADRO 1.2.50.

seguido do aeroporto de Vigo, con 909.138 persoas (30,4%), e A Coruña, con 572.971 pasaxeiros (19,2%).

En relación ao tráfico de mercadorías, prodúcese un novo descenso do volume total de mercadorías transportadas, para situarse nas 6.507,5 miles de toneladas, un 7% inferior ao volume transportado en 2003. O aeroporto de Santiago acolle as tres cuartas partes da mercadoría transportada en Galicia, o que representa o 0,8% do total estatal. Comparado co ano anterior, os tres aeroportos galegos presentan unha caída no volume total de mercadoría transportada, sendo a máis acusada a rexistrada no aeroporto de Vigo, cun 9,2% menos.

• **Comunicacións**

Un primeiro aspecto que se pode salientar é que o uso da rede internet en Galicia é aínda baixo en relación a media estatal, sendo a quinta comunidade que menos usa “a rede”, só por diante de Castela A Mancha, Estremadura, Castela e León e A Rioxa, e igualada con Murcia. No ano 2004, a porcentaxe de poboación que empregou internet no último mes antes da enquisa foi do 27,2% (23,6% no

***Correspondencia postal nacida e distribuída e investimentos de Correos e Telégrafos 2003-04***

| | Correspondencia nacida (1) | | | Correspondencia distribuida | | | Investimento |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **2003** | **2004** | **04/03** | **2003** | **2004** | **04/03** | **2004** |
| | *(en miles de obxectos)* | | *(%)* | *(en miles de obxectos)* | | *(%)* | *(en €)* |
| **A Coruña** | 86.277 | 92.084 | 6,7 | 149.408 | 153.592 | 2,8 | 3.332.516 |
| **Lugo** | 18.674 | 13.882 | -25,7 | 47.643 | 45.687 | -4,1 | 1.007.599 |
| **Ourense** | 13.064 | 10.208 | -21,9 | 38.508 | 37.297 | -3,1 | 2.534.707 |
| **Pontevedra** | 52.375 | 51.174 | -2,3 | 120.708 | 127.571 | 5,7 | 3.954.433 |
| **Total** | 170.390 | 167.349 | -1,8 | 356.267 | 364.147 | 2,2 | 10.829.255 |

**(1) excluída a correspondencia electoral**
Fonte: *Correos y Telégrafos*

CADRO 1.2.51.

ano anterior), fronte ao 32,4% de media no conxunto do Estado (26,9% en 2003).

No que atinxe ao **servizo postal**, a correspondencia distribuída en Galicia (excluída a correspondencia electoral) medrou un 2,2% ao longo do ano 2004, para acadar os 364.147 miles de envíos. A provincia de A Coruña acolle o 42,2% da correspondencia distribuída (153.592 miles de obxectos) fronte ao 35,0% da provincia de Pontevedra (127.571 miles de obxectos).

A diferencia do acontecido no ano anterior, cando a correspondencia distribuída medraba en todas as provincias, o **cadro 1.5.51.** reflicte o incremento da correspondencia distribuída en Pontevedra e A Coruña (5,7% e 2,8%, respectivamente) e a caída en Lugo e Ourense (4,1% e 3,1%, respectivamente).

No caso da correspondencia nacida en Galicia en 2004, esta descendeu un 1,8% respecto á rexistrada no ano anterior, situándose nos 167.349 miles de envíos. O 55,0% destes envíos corresponden á provincia de A Coruña, e un 30,6% á de Pontevedra.

Comparado co ano anterior, a correspondencia nacida redúcese en todas as provincias agás en A Coruña, onde medra un 6,7% (5.807 miles de obxectos). Mentes que Lugo e Ourense rexistran unha caída superior ao vinte por cento (1.956  e 1.211 miles de obxectos, respectivamente), a correspondencia nacida descende en 1.201 miles de envíos en Pontevedra (2,3%).

O investimento de Correos en Galicia ao longo do ano 2004 acadou os 10,8 millóns de euros, dos que 7,9 millóns corresponden ao investimento en infraestructuras e 1,2 millóns de euros a infraestructuras e telecomunicacións.